

INFORME DO SERVIZO DE XESTIÓN DE PERSOAL, RECURSOS HUMANOS E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

ASUNTO: Valoración das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a selección dunha Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais para o Concello de Santiago.

ANTECEDENTES:

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o 30 de novembro de 2012, realizou a apertura do SOBRE Nº 1 ("Documentación Xeral") presentado por cada unha das mutuas que realizaron a súa oferta, e a continuación procedeuse á apertura do SOBRE Nº 2, ("Documentación de Proposición Técnica para os criterios non valorables mediante cifras ou porcentaxes") das tres Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais que presentaron a súa proposta e que foron admitidas pola Mesa de Contratación.

As tres mutuas de accidentes das que se realizou a apertura do seu SOBRE Nº 2 foron as seguintes:

- FREMAP, MUTUA DE ACCIDENTES.
- MUTUAL MIDAT CYCLOPS.
- MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO.

Remitiuse a documentación do SOBRE Nº 2 das propostas de cada mutua ao Servizo de Persoal, RR.HH. e Prevención de Riscos Laborais, para a emisión dun informe de valoración das propostas.

Realizouse o informe solicitado para a valoración das ofertas das mutuas ao respecto dos criterios de adxudicación NON AVALIABLES mediante cifras ou fórmulas, cos resultados que seguen:

MUTUA	PUNTUACIÓN DAS OFERTAS RESPECTO DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN NON AVALIABLES CON CIFRAS OU FÓRMULAS							TOTAL
	B1	B2	B3	B4	B5	B6	B7	
MUTUA FREMAP	5	3	5	4	4	4	4	29
MIDAT-CYCLOPS	2	1	3	0,5	1	1	1	9,5
MUTUA GALLEGA	3	2	3	1	2	2	3,5	16,5

Posteriormente celebrouse unha reunión da Mesa de Contratación o mércores día 16 de xaneiro de 2013 e realizouse a apertura dos sobre (SOBRE Nº 3) que conteñen as ofertas presentadas polas mutuas con respecto dos criterios de adxudicación AVALIABLES mediante cifras, fórmulas ou porcentaxes.

Polo presente informe, procédese a realizar a valoración das ofertas das mutuas con respecto dos criterios de adxudicación AVALIABLES mediante cifras ou fórmulas que conteñen os pregos e en función dos datos que constan na proposición que figura no SOBRE Nº 3 das tres seguintes mutuas:

- FREMAP, MUTUA DE ACCIDENTES.
- MUTUAL MIDAT-CYCLOPS.
- MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

O prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios de adxudicación con respecto desta documentación das mutuas:

A) Criterios de adxudicación availables mediante cifras ou fórmulas:

A1) Número de centros sanitarios asistenciais propios da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros sanitarios asistenciais propios ofrece e dispoña en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 15) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros sanitarios asistenciais propios da mutua situados no termo municipal de Santiago e ofertados na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros sanitarios asistenciais propios ofertados situados no termo municipal de Santiago.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros sanitarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Non serán computables aos efectos deste criterio os centros sanitarios concertados en Santiago de Compostela e que pertenecen a outras mutuas ou a outras entidades distintas da mutua.

A2) Número de centros hospitalarios propios da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros hospitalarios propios dispoña en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 15) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros hospitalarios propios da mutua situados no termo municipal de Santiago e ofertados na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros hospitalarios propios ofertados e situados no termo municipal de Santiago.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

A3) Número de centros hospitalarios cos que a mutua ten un concerto no termo municipal de Santiago na Compostela, para a cobertura da asistencia médica, atención médica de urgencias, prestación sanitaria, recuperadora e rehabilitadora para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 10 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros hospitalarios teña concertados en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 10) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros hospitalarios concertados no termo municipal de Santiago na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros hospitalarios ofertados e concertados no termo municipal de Santiago.

Non se computarán a estos efectos os hospitais de titularidade pública do Servizo Galego de Saúde situados en Santiago de Compostela. Así mesmo, aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios concertados da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Aos efectos deste criterio non se computarán os centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

A4) Servizo de atención médica de urgencias con horario de 24 horas (todo o ano, 365 días) que sexa de uso exclusivo para os asegurados na mutua, e en centros sanitarios ou hospitalarios propios da mutua e situados dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

As ofertas que presenten este servizo específico en centros sanitarios ou hospitalarios propios da mutua situados en Santiago de Compostela e que sexa de uso exclusivo para o persoal asegurado na mutua se lles valorará pola existencia deste servizo con 10 puntos.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorará este servizo se na oferta da mutua non se identifica o centro sanitario ou hospitalario no que se prestará o servizo e cando non conste claramente na oferta o seu enderezo.

A5) Proximidade do centro sanitario asistencial propio da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos. Darase maior puntuación ás mutuas que disponían dun centro sanitario asistencial propio máis próximo ao concello. Aos efectos deste criterio, tomarase como punto de partida o edificio da Casa do Concello de Santiago, Pazo de Raxoi, na Praza do Obradoiro.

- A unha distancia inferior a 3 km.....15 puntos
- A unha distancia inferior a 6 km.....10 puntos
- A unha distancia de 6 km ou máis.....5 puntos

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros sanitarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

A6) Disponibilidade de centro/s hospitalario/s propio/s da mutua na comunidade autónoma de Galicia, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

As ofertas que contan na súa rede asistencial con hospitais propios da mutua situados na comunidade autónoma de Galicia, se lles valorará pola existencia deste servizo hospitalario con 5 puntos.

Non se valorarán aos efectos de aplicar este criterio os hospitais propios da mutua situados en Santiago de Compostela, os cales xa se valoran e computan en outro criterio.

Así mesmo, aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Aos efectos deste criterio non se computarán os centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN DAS MUTUAS:

Analizadas as proposicións presentadas polas mutuas FREMAP, MIDAT-CYCLOPS e MUTUA GALLEGA que conteñen os SOBRES Nº 3,

INFÓRMASE O SEGUINTE:

Ao respecto do primeiro criterio de adxudicación A1):

A1) Número de centros sanitarios asistenciais propios da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros sanitarios asistenciais propios ofrece e dispón en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 15) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros sanitarios asistenciais propios da mutua situados no termo municipal de Santiago e ofertados na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros sanitarios asistenciais propios ofertados situados no termo municipal de Santiago.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros sanitarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Non serán computables aos efectos deste criterio os centros sanitarios concertados en Santiago de Compostela e que pertencen a outras mutuas ou a outras entidades distintas da mutua.

MUTUA FREMAP:

A Mutua FREMAP para este criterio A1) recolle na súa proposición o dato de que dispón dun centro sanitario asistencial propio no termo municipal de Santiago de Compostela para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio:.....FREMAP SANTIAGO.
Endereço: Rúa Fontiñas, 43-45-47-49 (Santiago de Compostela – 15703)

MUTUA MIDAT-CYCLOPS:

A Mutua MIDAT-CYCLOPS para este criterio A1) recolle na súa proposición o dato de que dispón dun centro sanitario asistencial propio no termo municipal de Santiago de Compostela para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio:.....CENTRO ASISTENCIAL MC-MUTUAL.
Endereço: Rúa Pintor Xaime Quesada, 6 bajo (Santiago de Compostela – 15702)

Ademais do anterior, a Mutua Midat-Cyclops informa na súa proposición que ten un centro sanitario asistencial concertado integrado en Corporación Mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago. Os datos que a MUTUA MIDAT-CYCLOPS fai constar deste centro son os seguintes:

- Denominación do centro sanitario concertado:.....CENTRO ASISTENCIAL MUTUA GALLEGA.
Endereço: Rúa Isaac Peral, 9 - baixo. Polígono Industrial do Tambre. (15890 – Santiago).

MUTUA GALLEGA:

A MUTUA GALLEGA para este criterio A1) afirma na súa proposición que dispón de dous centros sanitarios asistenciais propios no termo municipal de Santiago de Compostela para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio 1:CENTRO ASISTENCIAL E ADMINISTRATIVO.
Endereço: Rúa Santiago de Guayaquil, 5 – 1º, 15702 – Santiago de Compostela.
- Denominación do centro sanitario propio 2:CENTRO ASISTENCIAL POLÍGONO INDUSTRIAL TAMBRE.
Endereço: Rúa Isaac Peral (Polígono Industrial do Tambre) 9-B, 15890 – Santiago de Compostela.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN A1):

Vista a información e datos que figuran nas 3 propostas presentadas, procédease a aplicar a fórmula de valoración para o criterio de adxudicación A1): Puntuación da oferta (P) = (Nco x 15) / Mnco

Comenzando pola determinación do factor “Mnco”, que é o dato do maior número de centros sanitarios asistenciais propios ofertados situados no termo municipal de Santiago de entre todas as ofertas das mutuas, hai que ter en conta que a proposta da Mutua Fremap recolle que ten 1 centro propio, a proposta da Mutua Midat-Cyclops ten 1 centro propio e que a proposta da Mutua Gallega afirma que ten 2 centros propios en Santiago.

Ao respecto do contido das propostas presentadas hai que facer a observación previa de que a Mutua Midat-Cyclops afirma que, ademais do seu centro propio, tamén dispón en Santiago dun centro concertado e integrado na Corporación Mutua. Sen embargo, este centro non é valorable para este criterio A1) porque non é un centro propio da Mutua Midat-Cyclops. En realidade, é un centro propio da Mutua Gallega, a cal tamén está integrada na Corporación Mutua mediante os correspondentes acordos e concertos entre as distintas mutuas que participan na Corporación Mutua. Polo tanto, este centro concertado non é computable debido á redacción do criterio A1) que exclúe explicitamente de puntuar aqueles centros que pertenzan a outras mutuas.

Outra observación previa ás valoracións é que non queda claro que un dos dous centros sanitarios que a Mutua Gallega decidiu incluír na súa proposta para este criterio A1), en particular, o centro administrativo-sanitario da Mutua Gallega na rúa de Santiago de Guayaquil, deba ser incluído e computado para este criterio de adxudicación A1).

Convén suliñar, con respecto do contido da proposta presentada pola Mutua Gallega, que o criterio de adxudicación A1) valora e puntúa expresamente o número de centros sanitarios propios que cumplan co requisito de servir para realizar a cobertura e prestar asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras aos traballadores do Concello de Santiago.

Xorde a dúbida sobre se este centro da Mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil cumpre ou non as funcións e coberturas concretas que explicitamente se esixen neste criterio de adxudicación A1). Polo tanto, xorde a cuestión sobre se este centro da Mutua Gallega encaixa cos requisitos e responde ás características que se valoran no criterio A1), e sobre se este centro pode servir ou non para prestar a cobertura das asistencias sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras dos traballadores do concello que expresamente se valoran neste criterio de adxudicación A1).

Pola documentación presentada no Sobre N° 2 que describe a proposta técnica dos servizos e a cobertura sanitaria que ofrece a Mutua Gallega, o centro administrativo-sanitario da Mutua Gallega na Rúa Santiago de Guayaquil, 5-1º, cumpre funcións administrativas, e ao mesmo tempo, funcións de control das continxencias comúns, e de acordo coa documentación aportada consta e certifícase que este centro está autorizado como centro sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para realizar soamente a actividade concreta de seguimento, consulta médica, supervisión e control médico-sanitario dos procesos de incapacidades temporais (IT) por continxencias comúns (CC) dos traballadores.

Non consta na documentación da proposta da Mutua Gallega ningún certificado de autorización que demostre que este centro da Mutua Gallega (centro na rúa Santiago de Guayaquil) poida prestar tamén os servizos sanitarios de asistencias médicas, recuperadoras e rehabilitadoras para os traballadores do Concello de Santiago nos casos de incapacidade por continxencia profesional.

Sen embargo, polo contrario, o certificado da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, incluído na documentación da proposta da Mutua Gallega dentro do Sobre N° 2 e correspondente ao outro centro sanitario da Mutua Gallega (centro situado no Polígono Industrial do Tambre) si que fai constar expresamente a autorización deste centro sanitario da Mutua Gallega para realizar actividades e servizos sanitarios de consulta médica, atención e asistencia médico-sanitaria por continxencias profesionais e de rehabilitación e recuperación dos traballadores. É dicir, que este centro da Mutua Gallega no Polígono do Tambre si que realiza a atención médica e cubre as atencions sanitarias e servizos de rehabilitación e recuperación necesarios para os traballadores que teñan que ser atendidos por casos de accidentes de traballo ou por enfermidades profesionais.

Hai que lembrar que a normativa que regula o sistema da seguridade social establece que no caso das continxencias profesionais corren a cargo da mutua tanto as prestacións económicas e subsidios por incapacidade laboral como tamén as prestacións sanitarias e a cobertura de atención médica e os servizos necesarios para a rehabilitación e a recuperación, que están asegurados integralmente a cargo da mutua, pero isto non ocorre así no caso das continxencias comúns.

É importante suliñar que no caso das continxencias comúns, a mutua faise cargo da cobertura da prestación económica por I.T. prevista no sistema da seguridade social, sen embargo a mutua non se fai cargo nin de dar as altas e baixas nin de realizar a cobertura ou prestación da atención médica necesaria, nin de realizar as prestacións sanitarias, rehabilitadoras e recuperadoras necesarias para a curación e alta médica dos traballadores por continxencias comúns.

No caso das continxencias comúns, as mutuas só exercen un control de tipo económico e unha supervisión médica dos procesos de incapacidade temporal por continxencias comúns e sobre as altas e baixas emitidas por parte do sistema público de saúde, que é precisamente o caso concreto do centro sanitario da Mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil. Hai que puntualizar que a prestación ocasional de servizos médicos e de atención sanitaria directa aos traballadores ou a cargo das mutuas dirixidos á curación e recuperación dos traballadores que están de baixa por continxencias comúns ten un carácter restrinxido e limitado a uns supostos e circunstancias concretas que están reguladas e delimitadas pola normativa e suxeitos a autorización.

Polas razóns anteriores, e ao non resultar evidente nin constar claramente que o centro da Mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil poida servir para prestar a cobertura e as asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras dos traballadores que esixe o criterio de adxudicación A1) non queda claro se debe ser computable a inclusión do centro sanitario da Mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil como un centro valorable e puntuable para o criterio de adxudicación A1). Así mesmo, esta dúbida causaría inseguridade ao concello sobre a prestación do servizo e incerteza sobre a cobertura sanitaria no caso de que o concello adxudicase e subscribise o concerto coa Mutua Gallega.

Coas observacións e salvedades anteriores, e tendo en conta exclusivamente os datos tal como figuran nas propostas presentadas, o máximo número de centros sanitarios propios en Santiago de Compostela é de 2 centros seguindo os datos tal e como constan na proposición da Mutua Gallega.

Polo tanto, as puntuacións resultantes empregando os datos tal como constan nas propostas das mutuas son as seguintes:

- MUTUA FREMAP, Puntuación da oferta (P) = (Nco x 15) / Mnco ; P=(1 x 15)/2 = 15/2 = 7,5 puntos.
- MIDAT-CYCLOPS, Puntuación da oferta (P) = (Nco x 15) / Mnco ; P=(1 x 15)/2 = 15/2 = 7,5 puntos.
- MUTUA GALLEGA, Puntuación da oferta (P) = (Nco x 15) / Mnco ; P=(2 x 15)/2 = 30/2 = 15 puntos.

Tendo en conta o exposto, a valoración de puntos para este criterio de adxudicación A1) é a seguinte:

FREMAP	7,5 puntos
MIDAT-CYCLOPS	7,5 puntos
MUTUA GALLEGA	15 puntos

Ao respecto do segundo criterio de adxudicación A2):

A2) Número de centros hospitalarios propios da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros hospitalarios propios dispoña en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 15) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros hospitalarios propios da mutua situados no termo municipal de Santiago e ofertados na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros hospitalarios propios ofertados e situados no termo municipal de Santiago.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

MUTUA FREMAP:

A Mutua FREMAP para este criterio de adxudicación A2) non recolle na súa proposición ningún centro hospitalario propio dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

MUTUA MIDAT-CYCLOPS:

A Mutua MIDAT-CYCLOPS para este criterio de adxudicación A2) non recoile na súa proposición ningún centro hospitalario propio dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

MUTUA GALLEGA

A Mutua Gallega para este criterio de adxudicación A2) non recolle na súa proposición ningún centro hospitalario propio dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN A2):

Vistas as tres propostas presentadas, ningunha delas posúe hospitais propios dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, polo cal a valoración con respecto deste criterio é de 0 puntos para cada unha das mutuas.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio de adxudicación A2) é a seguinte:

FREMAP	0 puntos
MUTUA MIDAT-CYCLOPS	0 puntos
MUTUA GALLEGA	0 puntos

Ao respecto do terceiro criterio de adxudicación A3):

A3) Número de centros hospitalarios cos que a mutua ten un concerto no termo municipal de Santiago na Compostela, para a cobertura da asistencia médica, atención médica de urgencias, prestación sanitaria, recuperadora e rehabilitadora para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 10 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros hospitalarios teña concertados en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 10) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros hospitalarios concertados no termo municipal de Santiago na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros hospitalarios ofertados e concertados no termo municipal de Santiago.

Non se computarán a estes efectos os hospitais de titularidade pública do Servizo Galego de Saúde situados en Santiago de Compostela. Así mesmo, aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios concertados da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Aos efectos deste criterio non se computarán os centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

MUTUA FREMAP:

A Mutua FREMAP para este criterio A3) recolle na súa proposición o dato de que dispón de concerto con un centro hospitalario no termo municipal de Santiago de Compostela para a cobertura da asistencia médica, atención médica de urgencias, prestación sanitaria, recuperadora e rehabilitadora para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro hospitalario concertado:Policlínico A ROSALEDA.
Endereço: Rúa Santiago León de Caracas, 1 (Santiago de Compostela – 15701)

MUTUA MIDAT-CYCLOPS:

A Mutua MIDAT-CYCLOPS para este criterio A3) recolle na súa proposición o dato de que dispón de concerto con un centro hospitalario no termo municipal de Santiago de Compostela para a cobertura da asistencia médica, atención médica de urgencias, prestación sanitaria, recuperadora e rehabilitadora para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro hospitalario concertado:Hospital Policlínico A ROSALEDA.
Endereço: Rúa Santiago León de Caracas, 1 (Santiago de Compostela – 15701)

MUTUA GALLEGA:

A MUTUA GALLEGA para este criterio A3) recolle na súa proposición o dato de que dispón de concerto con tres centros hospitalarios no termo municipal de Santiago de Compostela para a cobertura da asistencia médica, atención médica de urgencias, prestación sanitaria, recuperadora e rehabilitadora para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro hospitalario concertado 1:Hospital Policlínico A ROSALEDA.
Endereço: Rúa Santiago León de Caracas, 1 (Santiago de Compostela – 15701)
- Denominación do centro hospitalario concertado 2:Centro Materno Infantil A ROSALEDA.
Endereço: Rúa Antonio Casares, 2 (Santiago de Compostela – 15701)
- Denominación do centro hospitalario concertado 3:Hospital Nuestra Sra. de LA ESPERANZA.
Endereço: Avda. das Burgas, 2 (Santiago de Compostela – 15705)

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN A3):

Vista a información e os datos que figuran nas tres propostas presentadas, se procede a aplicar a fórmula de valoración para o criterio de adxudicación A3),

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 10) / \text{Mnco}$$

Comenzando pola determinación do factor "Mnco", que é o dato do maior número de centros hospitalarios ofertados e concertados no termo municipal de Santiago de entre todas as ofertas das mutuas, hai que ter en conta que a proposta da Mutua Fremap recolle que ten 1 hospital concertado, a proposta da Mutua Midat-Cyclops recolle que ten 1 centro hospitalario concertado e que a proposta da Mutua Gallega afirma que ten concerto con 3 centros hospitalarios en Santiago.

Hai que facer varias observacións previas ao respecto do contido e a validez dos datos e dos centros que se incluiron na proposta que formulou a Mutua Gallega para este criterio de adxudicación A3).

En primeiro lugar, xorden dúbidas sobre a validez do contido da proposición presentada pola Mutua Gallega no Sobre Nº 3 porque non resulta coherente coa proposta técnica e coa descripción da proposición de prestación de servizos e de coberturas sanitarias e médicas que ofrece a mutua e que foi presentada dentro do Sobre Nº 2 pola propia Mutua Gallega.

A primeira cuestión que xorde débese a que na proposta técnica (Sobre Nº 2) os centros hospitalarios que a Mutua Gallega informou que ten concertados en Santiago e que prestarían a atención médica e sanitaria no caso dunha urxencia médica aos traballadores son só dous hospitais: o Hospital Policlínico La Rosaleda e o Hospital de Nuestra Señora de la Esperanza, sen que nesta proposta da mutua (Sobre Nº 2) se inclúise mención ou referencia ao concerto cun terceiro hospital (incluído agora no Sobre Nº 3) para realizar esta cobertura e prestación de asistencia sanitaria por urxencias médicas aos traballadores no Centro Materno Infantil La Rosaleda. Así mesmo, esta dúbida causaría inseguridade ao concello sobre a prestación do servizo e incerteza sobre a cobertura sanitaria no caso de que o concello adxudicase e subscribise o concerto coa Mutua Gallega, debido á discrepancia existente entre a redacción da proposta do Sobre Nº. 2 e a do Sobre Nº. 3.

En segundo lugar, xorden dúbidas sobre se un dos tres centros incluídos na proposición redactada pola Mutua Gallega ten o carácter de hospital ou non. O centro en cuestión incluído pola Mutua Gallega é o denominado "Centro Materno Infantil La Rosaleda".

Na proposición e documentación presentada pola Mutua Gallega non consta que o denominado "Centro Materno-Infantil La Rosaleda" teña a consideración de hospital ou de centro hospitalario esixida polo criterio de adxudicación A3).

Sen embargo, o criterio de adxudicación A3) valora únicamente o número de centros hospitalarios concertados en Santiago e exclúe expresamente da valoración a aqueles centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

Dado que no criterio de adxudicación A3) se exclúen de forma expresa aqueles centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital, non queda claro se debe ser computable a inclusión deste "Centro Materno-Infantil La Rosaleda" como centro hospitalario e polo tanto como centro valorable a efectos deste criterio de adxudicación A3).

Hai que ter en conta que neste criterio de adxudicación A3) se puntuan e valoran só aos hospitais, e a importancia que ten o cumprimento deste requisito de valoración e cumplir con esta característica, xa que os hospitais están capacitados para realizar operacións de cirurxía, intervencións médicas e actividades sanitarias que están fóra do alcance doutros centros sanitarios que non teñen o rango de hospital, e ademais dispoñen de maiores medios e persoal e de instalacións más completas que os diferencian totalmente de outro tipo de centros sanitarios que carecen do carácter de hospital (p.ex. salas de operacións para intervencións de cirurxía, UVI ou UCI, servizo de urxencias médicas, horarios de atención sanitaria de 24 horas, camas e habitacións para pacientes ingresados, etc).



CONCELLO DE
SANTIAGO

En terceiro lugar, non se ve unha relación clara e evidente entre o Centro Materno Infantil La Rosaleda e as características e contido da cobertura das prestacións sanitarias, a atención médica de urxencias, e a asistencia médico-sanitaria para a recuperación e rehabilitación dos traballadores nos casos de accidente laboral ou de enfermidade profesional que son a cargo das mutuas de acordo coa normativa e que se recollen especificamente no criterio de adxudicación A3).

Non se inclúe na descripción da proposta de servizos da Mutua Gallega, nin na documentación do Sobre Nº 2 ningunha explicación sobre o contido do concerto da Mutua Gallega co Centro Materno-Infantil La Rosaleda, nin información que aclare os servizos médicos e a cobertura sanitaria que prestaría este centro aos traballadores do Concello de Santiago no caso de adxudicar este concerto á Mutua Gallega.

Polo tanto, coa documentación da proposta da Mutua Gallega resulta difícil comprender cal é a relación que pode ter este Centro Materno-Infantil La Rosaleda coas funcións e cobertura que se esixen no criterio de adxudicación A3).

Xorde a dúbida sobre cal podería ser a cobertura sanitaria e a asistencia médica que podería prestar este centro aos traballadores do concello nos supostos de continxencia profesional, para os casos de que os traballadores teñan que ser atendidos a cargo da mutua neste Centro Materno Infantil La Rosaleda por accidentes de traballo ou por enfermidades profesionais, e polo tanto non queda claro se este centro responde ás características, funcións e coberturas sanitarias que esixe o criterio A3).

En cuarto lugar, xorde a dúbida sobre se o Centro Materno Infantil La Rosaleda forma parte e pertence á mesma organización e dirección e ás instalacións e recintos do propio Hospital Policlínico La Rosaleda, debido á ubicación e denominación que ten o Centro Materno Infantil La Rosaleda e o Hospital Policlínico La Rosaleda.

Sen embargo, na proposta da Mutua Gallega se inclúen como se fosen dous hospitais distintos a puntuar. Polo tanto, xorde a cuestión sobre se en realidade se están a valorar dúas áreas, especialidades ou plantas dun mesmo complexo hospitalario que ten dous accesos independentes por dúas rúas, a rúa Santiago León de Caracas, 1 e a rúa Antonio Casares, 2 entre as cales se sitúan as instalacións do Hospital Policlínico de La Rosaleda.

Polo tanto, cabe a dúbida razoable sobre se os dous centros concertados pola Mutua Gallega se deberian valorar e computar aos efectos da puntuación deste criterio de adxudicación A3) como un único centro ou complexo hospitalario, ou ben, se se deben valorar como dous hospitais distintos, tal como se presentaron literalmente na proposición da Mutua Gallega.

Coas observacións e salvedades anteriores, e tendo en conta os datos literalmente tal e como figuran nas propostas presentadas polas mutuas, o máximo número de centros hospitalarios concertados en Santiago é de 3 centros hospitalarios seguindo os datos da proposición que presentou a Mutua Gallega.

Polo tanto, as puntuacións resultantes empregando os datos tal e como constan nas propostas das mutuas son as seguintes:

- MUTUA FREMAP, Puntuación da oferta (P) = (Nco x 10) / Mnco, P = (1x10)/3 = 10/3 = 3,33 puntos.
- MIDAT-CYCLOPS, Puntuación da oferta (P) = (Nco x 10) / Mnco, P = (1x10)/3 = 10/3 = 3,33 puntos.
- MUTUA GALLEGA, Puntuación da oferta (P) = (Nco x 10) / Mnco, P = (3x10)/3 = 30/3 = 10 puntos.

Tendo en conta o exposto, a valoración de puntos para este criterio de adxudicación A3) é a seguinte:

FREMAP	3,33 puntos
MIDAT-CYCLOPS	3,33 puntos
MUTUA GALLEGA	10 puntos

Ao respecto do cuarto criterio de adxudicación A4):

A4) Servizo de atención médica de urxencias con horario de 24 horas (todo o ano, 365 días) que sexa de uso exclusivo para os asegurados na mutua, e en centros sanitarios ou hospitalarios propios da mutua e situados dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

Ás ofertas que presenten este servizo específico en centros sanitarios ou hospitalarios propios da mutua situados en Santiago de Compostela e que sexa de uso exclusivo para o persoal asegurado na mutua se lles valorará pola existencia deste servizo con 10 puntos.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorará este servizo se na oferta da mutua non se identifica o centro sanitario ou hospitalario no que se prestará o servizo e cando non conste claramente na oferta o seu enderezo.

MUTUA FREMAP:

A Mutua FREMAP para este criterio de adxudicación A4) non recolle na súa proposición ningún servizo de urxencias 24 horas das características e requisitos establecidos neste criterio.

MUTUA MIDAT-CYCLOPS:

A Mutua MIDAT-CYCLOPS para este criterio de adxudicación A4) non recolle na súa proposición ningún servizo de urxencias 24 horas das características e requisitos establecidos neste criterio.

MUTUA GALLEGA:

A Mutua GALLEGA para este criterio de adxudicación A4) non recolle na súa proposición ningún servizo de urxencias 24 horas das características e requisitos establecidos neste criterio.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN A4):

Vistas as tres propostas presentadas, ningunha delas ofrece o servizo de urxencias médicas 24 horas das características e requisitos establecidos neste criterio A4), polo cal a valoración con respecto deste criterio é de 0 puntos para cada unha das mutuas.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio de adxudicación A4) é a seguinte:

FREMAP	0 puntos
MIDAT-CYCLOPS	0 puntos
MUTUA GALLEGA	0 puntos

Ao respecto do quinto criterio de adxudicación A5):

A5) Proximidade do centro sanitario asistencial propio da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos. Darase maior puntuación ás mutuas que dispoñan dun centro sanitario asistencial propio máis próximo ao concello. Aos efectos deste criterio, tomarase como punto de partida o edificio da Casa do Concello de Santiago, Pazo de Raxoi, na Praza do Obradoiro.

- A unha distancia inferior a 3 km.....15 puntos
- A unha distancia inferior a 6 km.....10 puntos
- A unha distancia de 6 km ou máis.....5 puntos

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros sanitarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

MUTUA FREMAP:

A Mutua FREMAP para este criterio de adxudicación A5) declara que ten a 2,7 quilómetros do edificio da casa do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n) o seu centro sanitario asistencial propio máis próximo, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio:FREMAP SANTIAGO.
Endereço: Rúa Fontiñas, 43-45-47-49 (Santiago de Compostela - 15.703)

MUTUA MIDAT-CYCLOPS:

A Mutua MIDAT-CYCLOPS para este criterio de adxudicación A5) declara que ten a 2 quilómetros do edificio da casa do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n) o seu centro sanitario asistencial propio máis próximo, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio:CENTRO ASISTENCIAL MC-MUTUAL.
Endereço: Rúa Pintor Xaime Quesada, 6 baixo (Santiago de Compostela - 15.702)

MUTUA GALLEGA:

A Mutua GALLEGA para este criterio de adxudicación A5) declara que ten a 1,5 quilómetros do edificio da casa do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n) o seu centro sanitario asistencial propio máis próximo, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio:CENTRO ASISTENCIAL E ADMINISTRATIVO.
Endereço: Rúa Santiago de Guayaquil, 5 – 1º (Santiago de Compostela - 15.702)

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN A5):

Vista a información e os datos que figuran nas tres propostas presentadas, procédese a aplicar a fórmula de valoración e o criterio de adxudicación A5),



CONCELLO DE SANTIAGO

Valorarase ate 15 puntos. Darase maior puntuación ás mutuas que dispoñan dun centro sanitario asistencial propio máis próximo ao concello. Aos efectos deste criterio, tomarase como punto de partida o edificio da Casa do Concello de Santiago, Pazo de Raxoi, na Praza do Obradoiro.

- A unha distancia inferior a 3 km.....15 puntos
- A unha distancia inferior a 6 km.....10 puntos
- A unha distancia de 6 km ou máis.....5 puntos

Hai que facer varias observacións previas ao respecto do contido da proposta presentada pola Mutua Gallega con respecto deste criterio de adxudicación A5).

Non queda claro que o centro da Mutua Gallega na Rúa de Santiago de Guayaquil poida servir para prestar a cobertura das asistencias sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras que expresamente se valoran neste criterio A5), ao igual que xa se observou anteriormente con respecto do criterio de adxudicación A1) sobre a inclusión e valoración deste mesmo centro sanitario-administrativo.

De acordo coa documentación presentada no Sobre Nº 2 que describe a proposta técnica dos servizos e da cobertura sanitaria da Mutua Gallega, o centro sanitario da mutua na Rúa Santiago de Guayaquil, 5-1º, cumpre unhas funcións administrativas, e ao mesmo tempo, funcións de control das continxencias comúns, e de acordo coa documentación aportada pola mutua consta e certifícase que este centro está autorizado como centro sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para realizar soamente unha actividade sanitaria de seguimento, consulta médica, supervisión e control médico-sanitario dos procesos de incapacidades temporais (IT) por continxencias comúns (CC) dos traballadores, dando lugar a dúbidas, ao non constar autorización deste centro da Mutua Gallega para realizar actividades de cobertura sanitaria a cargo da mutua para as continxencias profesionais no caso de que un traballador teña que ser atendido neste centro sanitario da mutua cando sufra un accidente laboral ou cando padeza unha enfermidade profesional e cando necesite recibir atención médica por estes motivos ou cando necesite o servizo de rehabilitación.

Sen embargo, polo contrario, o certificado da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, aportado xunto coa documentación da proposta da Mutua Gallega dentro do Sobre Nº 2 e correspondente ao outro centro sanitario da Mutua Gallega (centro situado no Polígono Industrial do Tambre) si que fai constar expresamente a autorización deste centro sanitario propio da Mutua Gallega para realizar as actividades e servizos sanitarios de consulta médica, atención e asistencia médica-sanitaria por continxencias profesionais e de rehabilitación e recuperación dos traballadores, é dicir, que este centro si que presta os servizos sanitarios, médicos e de rehabilitación recuperación para os casos de traballadores que teñen que ser atendidos por accidentes de traballo e por enfermidades profesionais.

Incluso a documentación da mutua Midat-Cyclops ao recoller na súa proposta os datos dos centros da Mutua Gallega en Santiago, que tamén participa na Corporación Mutua os describe como un centro de tipo asistencial na Rúa Isaac Peral, no Polígono Industrial do Tambre e outro centro de tipo administrativo na rúa Santiago de Guayaquil.

Polo tanto, aos efectos de puntuación deste criterio de adxudicación A5) xorde a dúbida sobre se a Mutua Gallega, en vez ter consignado o seu centro sanitario da Rúa Santiago de Guayaquil, debería ter consignado o seu centro sanitario do Polígono do Tambre.

Polas razóns anteriores, e ao non constar de maneira clara e evidente que o centro sanitario propio da Mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil sirva para prestar a cobertura e as asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras, e rehabilitadoras dos traballadores ás que fai mención e ás que se refire o criterio de adxudicación A5) non queda claro se debe ser computable a inclusión do centro sanitario propio da Mutua Gallega con enderezo na Rúa Santiago de Guayaquil como un centro valorable e puntuable para o criterio de adxudicación A5), ou ben se se debería ter incluído na proposta para este criterio A5) o centro sanitario da Mutua Gallega, que está situado no Polígono Industrial do Tambre e polo tanto, se se debe valorar a distancia e a proximidade do outro centro sanitario da Mutua Gallega situado no Polígono do Tambre en vez de valorar a distancia e a proximidade do centro da Mutua Gallega situado na Rúa de Santiago de Guayaquil.

Así mesmo, esta dúbida sobre o centro da Mutua Gallega na rúa de Santiago de Guayaquil causaría inseguridade ao concello sobre a prestación do servizo e incerteza sobre a cobertura sanitaria no caso de que o concello adxudicase e subscribise o concurso coa Mutua Gallega, debido á discrepancia entre a redacción da proposta do Sobre N°. 2 e a do Sobre N°. 3.

Coas observacións e salvedades anteriores, e tendo en conta exclusivamente os datos literalmente tal como constan nas propostas presentadas, as puntuacións resultantes empregando estes datos son as seguintes:

MUTUA FREMAP,

- Centro sanitario propio a 2,7 km, distancia inferior a 3 km... Puntuación da oferta (P) = 15 puntos.

MUTUA MIDAT-CYCLOPS,

- Centro sanitario propio a 2 km, distancia inferior a 3 km... Puntuación da oferta (P) = 15 puntos.

MUTUA GALLEGA,

- Centro sanitario propio a 1,5 km, distancia inferior a 3 km..... Puntuación da oferta (P) = 15 puntos.

Tendo en conta o exposto, a valoración de puntos para este criterio de adxudicación A5) é a seguinte:

FREMAP	15 puntos
MIDAT-CYCLOPS	15 puntos
MUTUA GALLEGA	15 puntos

Ao respecto do sexto criterio de adxudicación A6):

A6) Disponibilidade de centro/s hospitalario/s propio/s da mutua na comunidade autónoma de Galicia, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

As ofertas que contem na súa rede asistencial con hospitais propios da mutua situados na comunidade autónoma de Galicia, se lles valorará pola existencia deste servizo hospitalario con 5 puntos.

Non se valorarán aos efectos de aplicar este criterio os hospitais propios da mutua situados en Santiago de Compostela, os cales xa se valoran e computan en outro criterio.

Así mesmo, aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Aos efectos deste criterio non se computarán os centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

MUTUA FREMAP:

A Mutua FREMAP para este criterio de adxudicación A6) recolle na súa proposición que ten un centro hospitalario propio na comunidade autónoma de Galicia, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro hospitalario propio:HOSPITAL FREMAP VIGO.
Endereço: Rúa Poeta Feliciano Rolán, 12 (Vigo – 36203)

MUTUA MIDAT-CYCLOPS:

A Mutua MIDAT-CYCLOPS para este criterio de adxudicación A6) non recolle na súa proposición ningún centro hospitalario propio na comunidade autónoma de Galicia.

MUTUA GALLEGA:

A Mutua GALLEGA para este criterio de adxudicación A6) non recolle na súa proposición ningún centro hospitalario propio na comunidade autónoma de Galicia.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN A6):

Vista a información e os datos que figuran nas tres propostas presentadas, procédere a aplicar a fórmula de valoración e o criterio de adxudicación A6),

MUTUA FREMAP,

- Conta con centro hospitalario propio en Galicia.....Puntuación da oferta (P) = 5 puntos.

MUTUA MIDAT-CYCLOPS,

- Non conta con centro hospitalario propio en Galicia.....Puntuación da oferta (P) = 0 puntos.

MUTUA GALLEGA,

- Non conta con centro hospitalario propio en Galicia.....Puntuación da oferta (P) = 0 puntos.

Tendo en conta o exposto, a valoración de puntos para este criterio de adxudicación A6) é a seguinte:

FREMAP	5 puntos
MIDAT-CYCLOPS	0 puntos
MUTUA GALLEGA	0 puntos

A puntuación total deste concurso público, sumando e tendo en conta as puntuacións parciais en todos e cada un dos criterios de adxudicación, quedaría da seguinte forma:

	PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS VALORABLES CON CIFRAS OU FÓRMULAS							PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS NON VALORABLES CON CIFRAS OU FÓRMULAS	PUNTUACIÓN TOTAIS E FINAIS DO CONCURSO
MUTUA	A1	A2	A3	A4	A5	A6	SUBTOTAL	SUBTOTAL	TOTAL
MUTUA FREMAP	7,5	0	3,33	0	15	5	30,83	29	59,83
MIDAT-CYCLOPS	7,5	0	3,33	0	15	0	25,83	9,5	35,33
MUTUA GALLEGA	15	0	10	0	15	0	40	16,5	56,5

De acordo coas observacións e salvedades expresadas neste informe ao respecto da proposición presentada dentro do sobre Nº. 3 pola Mutua Gallega, sobre a súa valoración e puntuación e que poderían causar inseguridade ao concello na prestación do servizo e incerteza sobre a cobertura no caso de que fose a gañadora do concurso e de ter que asinar un concerto coa Mutua Gallega, hai que facer constar que no caso de que a proposición da Mutua Gallega tivese que valorarse novamente descartando aqueles centros incluídos na súa proposta e que ofrecen dúbidas e causan incertezas, a puntuación total da Mutua Gallega sería inferior á que figura neste informe, e polo tanto en todo caso, manteríase inalterado o resultado final de outorgarlle a máxima puntuación total do concurso público á Mutua FREMAP, igual que se propón neste informe.

É dicir, no caso de que a valoración da proposición da Mutua Gallega se repetise de acordo coas observacións realizadas neste informe e resolvendo as discrepancias xurdidas do seguinte xeito:

- Descartando o centro administrativo-sanitario da rúa Santiago de Guayaquil, para o criterio A1).
- Descartando o Centro Materno Infantil La Rosaleda para o criterio de adxudicación A3).
- Substituíndo o centro administrativo-sanitario da rúa Santiago de Guayaquil, polo centro sanitario no Polígono do Tambre para o criterio de adxudicación A5).

O resultado alternativo sería que as puntuacións da Mutua Gallega nos criterios A1), A3) e A5) serían inferiores ás que se recollen neste informe, e en conclusión, non se alteraría o resultado final polo cal a maior puntuación total neste concurso público corresponderíalle tamén á oferta da Mutua FREMAP.

O que se informa á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2013.

O XEFE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS,



Xaime Daniel Luguilde Fonseca

CONFORME,
A XEFA DO SERVIZO DE PERSOAL



Má. Luisa Prego de Oliver López

INFORME DO SERVIZO DE XESTIÓN DE PERSOAL, RECURSOS HUMANOS E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

ASUNTO: Valoración das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a selección dunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais para o Concello de Santiago.

A Mesa de Contratación celebrada o pasado 30 de novembro de 2012, realizou a apertura do SOBRE Nº 1 ("Documentación Xeral") presentado por cada unha das mutuas que presentaron a súa oferta, e a continuación se realizou a apertura do SOBRE Nº 2, ("Documentación de Proposición Técnica para os criterios non valorables mediante cifras ou porcentaxes") das tres Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais que presentaron a súa proposta e que foron admitidas pola Mesa de Contratación.

As tres mutuas de accidentes das que se realizou a apertura do seu SOBRE Nº 2 son as seguintes:

- FREMAP, MUTUA DE ACCIDENTES.
- MUTUAL MIDAT CYCLOPS.
- MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO.

Remitiuse a documentación do SOBRE Nº 2 das propostas de cada mutua ao Servizo de Persoal, RR.HH. e Prevención de Riscos Laborais, para a valoración das propostas.

O prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios de adxudicación con respecto desta documentación das mutuas:

B) Criterios de adxudicación non availability mediante cifras ou fórmulas:

B1) Procedemento de análise, control e seguimento das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais. Valorarase a proposta de confección de estatísticas mensuais, trimestrais, semestrais e anuais de accidentes de traballo (con e sen baixa e diferenciando os accidentes *in itinere*) por servizo/posto de traballo/clase de contrato/etc; e a proposta de accións tendentes a reducir a sinistralidade laboral no Concello de Santiago. As ofertas valoraranse de 0 a 5 puntos.

B2) Procedemento de análise e seguimento dos índices de absentismo laboral e dos custos asociados. Valorarase a proposta de confección de estatísticas mensuais, trimestrais, semestrais e anuais de absentismo laboral por servizo/posto de traballo, incluíndo os custos que supón para o Concello de Santiago, e diferenciando o absentismo derivado dos A.T. e E.P. do absentismo derivado das continxencias comúns (accidente non laboral e enfermidade común); e a proposta de accións tendentes a reducir o absentismo no Concello de Santiago. As ofertas valoraranse de 0 a 3 puntos.

B3) Protocolo e rede de asistencia sanitaria por accidente de traballo fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e/ou fóra de España. Valórarse o protocolo de prestación desta asistencia sanitaria e a rede asistencial de servizos médicos ambulatorios e hospitalarios propios da mutua e a rede asistencial de servizos ambulatorios e hospitalarios concertados a nivel nacional e a nivel internacional, a prestación do servizo medicalizado de repatriación dende o extranxeiro, a cobertura do traslado para un acompañante, etc. As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 5 puntos.

B4) Readaptación profesional a cargo da mutua en caso de accidentes de traballo. Cursos, servizos e prestacións dirixidas a traballadores discapacitados. Valorarase o número, a proximidade, e a calidade dos centros propios ou concertados de readaptación profesional, así como o número, variedade e especialidades dos talleres, cursos, servizos e prestacións para persoal do Concello de Santiago. As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

B5) Protocolo de actuación na entrega e reposición das caixas de urxencias e material de primeiros auxilios. Valorarase o prazo de compromiso de entrega, a adecuación, calidade e fiabilidade do procedemento de entrega, así como a posta a disposición do Concello de Santiago de calquera tipo de conexión ou sistema en tempo real que facilite a xestión neste apartado. As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

B6) Sistema de xestión dos servizos ofertados pola mutua adaptado ás necesidades e funcionamiento do concello e outras prestacións complementarias relacionadas co obxecto do contrato. Valoraranse outras prestacións que libremente poidan realizar as mutuas, como por exemplo, os fondos de asistencia social (prestacións especiais a favor de traballadores accidentados, das súas familias, etc). Valorarase a posibilidade de contar cun interlocutor único da mutua para a xestión co concello, a coordinación e a adaptación do sistema de traballo da mutua ao funcionamiento do concello, a atención telefónica, a posibilidade de acceso, consulta e xestión dos servizos a través das redes de internet, o horario de atención e de xestión administrativa da mutua en Santiago, organización e docencia de seminarios, cursos, charlas, xornadas ou campañas informativas/formativas e de sensibilización (concretando dentro da súa oferta: a programación, os contidos, a duración en horas e modalidade, os colectivos aos que se dirixe, a periodicidade, os docentes e ponentes, etc) e outras. Aos efectos deste criterio valórase con maior puntuación a maior contía de axudas concedidas, o maior importe das axudas e maior número de beneficiarios, para o cal a mutua deberá concretar na súa oferta os importes, número e características das axudas e beneficios sociais concedidos pola mutua dentro da comunidade autónoma de Galicia nos últimos dous anos (anos 2010 e 2011). As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

B7) Valoración cualitativa da rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados da mutua en Santiago de Compostela. Valoraranse as especialidades e servizos que se ofertan para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras, rehabilitadoras e sociais para o persoal do Concello de Santiago, a situación e a calidade das instalacións e do servizo prestado (consultas, número de camas -só para hospitais-, locais para formación, horarios de atención, especialidades médicas, medios humanos -médicos por especialidade, ATS/DUE-, medios materiais, etc...). Aos efectos deste criterio valorarase con maior puntuación a mellor dotación de medios propios da mutua existentes en Santiago de Compostela, para o cal a mutua deberá concretar na súa oferta os datos de identificación (nome e apelidos do persoal que está dado de alta na mutua en Santiago, titulación, especialidade, experiencia profesional ou antigüidade na mutua, etc) dos seus recursos humanos existentes en Santiago de Compostela (do seu persoal médico e sanitario, psicólogos, fisioterapeutas, traballadores e asistentes sociais, etc) e os datos de identificación e características técnicas e de funcionamento das súas instalacións en Santiago de Compostela (dimensións totais do centro da mutua, metros cadrados de superficie para atención e consulta sanitaria, salas de espera, de diagnóstico, ximnasio e salas de rehabilitación, dotación de medios materiais e tecnolóxicos das instalacións, horarios de funcionamento, etc). As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 5 puntos.

Analizada toda a documentación técnica presentada polas mutuas FREMAP, MIDAT-CYCLOPS e MUTUA GALLEGA,

INFÓRMASE O SEGUINTE:

Ao respecto do primeiro criterio B1:

B1) Procedemento de análise, control e seguimento das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais. Valorarase a proposta de confección de estatísticas mensuais, trimestrais, semestrais e anuais de accidentes de traballo (con e sen baixa e diferenciando os accidentes *in itinere*) por servizo/posto de traballo/clase de contrato/etc; e a proposta de accións tendentes a reducir a sinistralidade laboral no Concello de Santiago. As ofertas valoraranse de 0 a 5 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle no seu procedemento de análise, control e seguimento das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais a descripción dos medios materiais e persoais para este control e seguimento.

Concretamente para este obxectivo a mutua propón a creación dunha comisión para o control de absentismo laboral por accidente de traballo que estaría formada por parte de Fremap por un xestor asignado, un técnico de prevención e unha traballadora social. Cada mes a Comisión reúñese e analiza a sinistralidade rexistrada, entregándose ao Concello de Santiago un informe de sinistralidade ou absentismo laboral por continxencias profesionais. A Comisión estuda e valora as estatísticas, as causas dos accidentes, os custos asociados á sinistralidade, estuda e valora as accións a levar a cabo, etc.

A mutua Fremap tamén ofrece colaboración e cooperación para a investigación de accidentes.

Na súa proposta de estatísticas a mutua Fremap recolle a posibilidade de obter informes de sinistralidade que inclúen os seguintes factores: sexo, antigüidade, hora de xornada, idade, lugar, día da semana, axente material, natureza da lesión, tipo de contrato, tipo de traballo, e por códigos de ocupación. Tamén propón a análise estatística de sinistralide por servizos/posto de traballo/clase de convenio/centro de traballo, etc. Tamén inclúen os índices de incidencia.

Os gráficos incluídos nos informes de sinistralidade e que acompañan ás estatísticas se refiren a distribución dos accidentes por cada indicador.

Recolle a diferenciación da sinistralidade entre os accidentes con baixa e os accidentes sen baixa e distinguindo os accidentes in itinere.

Fremap ofrece o acceso telemático directo desde o Concello de Santiago ás estatísticas e informes da mutua en calquera momento. Tamén ofrece ao Concello de Santiago coñecer puntualmente e on line o absentismo, a duración prevista das baixas, etc. Ofrece tamén o acceso telemático e a comunicación instantánea das asistencias que se produzcan nos centros asistenciais da mutua.

No que se refire á proposta de accións tendentes a reducir a sinistralidade laboral no Concello de Santiago, a mutua Fremap propón tanto o denominado Compromiso para a Integración e Mellora do Absentismo ("CIMA"), personalizado para o Concello de Santiago como tamén a realización dunha serie de accións como por exemplo as seguintes: análise, investigación e control das causas de accidentes de traballo, xornadas e seminarios de prevención, estudo de sinistralidade con propostas concretas, atención especializada a consultas, información de prevención para directivos, mandos, campañas para a prevención do accidente de tráfico, etc.

MIDAT-CYCLOPS

MIDAT-CYCLOPS recolle no seu procedemento de análise, control e seguimento das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais a descripción dun medio material ou ferramenta informática para manexar e para realizar este control e seguimento.

Concretamente para este obxectivo Midat-Cyclops propón o uso e acceso por parte do Concello de Santiago dunha páxina web propia da mutua que posúe varias funcionalidades para o seu uso polo Concello de Santiago, e entre elas, a posibilidade de confección de informes de sinistralidade. A aplicación web da mutua Midat-Cyclops pode empregarse para xerar, consultar e buscar distintos índices e datos da sinistralidade laboral, empregando filtros como os seguintes: CIF/razón social, CCC, período de tempo, casos a incluir no informe (enfermidades profesionais, accidentes in itinere, ...), etc.

MIDAT-CYCLOPS recolle na súa proposta que poría a disposición un interlocutor único para poder establecer unha pauta de traballo e levar a cabo os informes coa periodicidade que se decida.

Na súa proposta de estatísticas a mutua Midat Cyclops recolle a posibilidade de obter informes a través dos resultados da aplicación da páxina web da mutua, onde poden figurar e incluir as



CONCELLO DE
SANTIAGO

seguientes variables: C.C.C., media traballadores, horas traballadas, accidentes sen baixa, in itinere, lugar/centro, índices de gravidade, de incidencia, de duración, ...

No que se refire á proposta de accións tendentes a reducir a sinistralidade laboral no Concello de Santiago, a mutua propón, en primeiro lugar, un plan de acción para o caso de empresas de especial sinistralidade, cando se supera a media do sector de actividade. Este plan específico para este tipo de empresas cunha sinistralidade superior á media, incluiría: análise de sinistralidade e da súa evolución, detección de situacíons de risco xerais, propostas de mellora de actividades, e seguimento e valoración de resultados. A mutua, de acordo aos índices de sinistralidade de cada empresa, selecciona aquellas que poden beneficiarse deste plan e desta colaboración.

En segundo lugar, a mutua Midat-Cyclops propón poñer a disposición do Concello de Santiago materiais para campañas de conduta preventiva responsable que consisten en materiais que poden empregarse pola propia empresa para sensibilizar e para concienciar aos traballadores aos que van dirixidos como carteis, guías, folletos, manuais de sensibilización, etc. Os materiais son temáticos, por exemplo, orde e limpeza, uso de EPI, stop ao estrés, etc.

En terceiro lugar, ofrece o asesoramento puntual para fomentar a integración da prevención na empresa.

En cuarto lugar, a mutua ofrece información por escrito sobre a detección de riscos e das medidas necesarias.

En quinto lugar, a mutua ofrece realizar informe de evolución da sinistralidade, analizando os parámetros como: número de traballadores, días de baixa, índices de sinistralidade, etc.

MUTUA GALLEGA

A MUTUA GALLEGA recolle no seu procedemento de análise, control e seguimento das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais a descripción dos medios materiais e persoais para este control e seguimento.

Concretamente para este obxectivo a mutua propón a asignación ao Concello de Santiago dun técnico de prevención para o estudo da casuística de baixas, tanto por accidentes de traballo como por enfermidade profesionais. Do estudo conxunto entre o técnico asignado e o representante elixido polo Concello de Santiago do informe da sinistralidade, a mutua realiza un estudo específico de accións de mellora que axuden a reducir a sinistralidade.

Na súa proposta de estatísticas a Mutua Gallega recolle a posibilidade de obter informes de sinistralidade e estatísticas con frecuencia mensual (ou coa frecuencia que se requira) segmentada por: C.C.C. (Códigos de Conta de Cotización), posto de traballo e por tipo de contrato.

Recolle a diferenciación da sinistralidade entre os accidentes con baixa e os accidentes sen baixa e distinguindo os accidentes in itinere.

Así mesmo, propón o estudo por tramos de duración, gravidade, forma de producirse o accidente, desviación, etc. O estudo estatístico inclúe os seguintes factores: forma de producirse o accidente, lugar do accidente, hora do accidente, idade do accidentado, mes do accidente, día da semana do accidente, sexo, hora de xornada, tipo de desviación, parte do corpo lesionada e natureza da lesión.

A Mutua Gallega ofrece a realización dos índices de incidencia, de frecuencia e de gravidade.

Os gráficos incluídos nos informes de sinistralidade e que acompañan ás estatísticas refirense á distribución dos accidentes por cada parámetro indicador.

No que se refire á proposta de accións tendentes a reducir a sinistralidade laboral no Concello de Santiago, a mutua propón realizar un plan de acción confeccionado a partires do estudo conxunto da sinistralidade laboral entre o técnico asignado pola mutua e o representante elixido polo Concello de Santiago. No plan se incluirían accións de mellora para a reducción da sinistralidade, por exemplo, xornadas ou charlas de sensibilización por dependencias municipais, charlas dirixidas a mandos e o seguimento dos indicadores de incidencia da sinistralidade.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B1:

Analizadas as tres propostas presentadas, en conxunto, resulta máis completa e xenerosa en canto aos medios humanos designados e postos a disposición pola mutua para acadar o obxectivo perseguido de analizar e de controlar ou corrixir as causas ou factores da sinistralidade laboral, a proposta presentada pola mutua Fremap, xa que ademais da confección das estatísticas e informes de sinistralidade laboral, propón a creación dunha Comisión para o control e estudo do absentismo e da sinistralidade laboral que estaría integrada por persoal da mutua, que contaría cunha formación ou preparación técnica multidisciplinar (prevención de riscos e traballadora social), e por persoal do Concello de Santiago (técnicos de PRL, xefes dos servizos municipais, etc).

Ademais esta forma concreta proposta pola mutua Fremap para acadar o obxectivo, parece que, de entre as tres propostas alternativas presentadas é a organización máis apta ou idónea (en canto ás pautas de traballo da comisión, funcións a desenvolver, formación técnica dos interlocutores da mutua e membros da comisión, periodicidade de traballo establecida, etc) para acadar o obxectivo común de analizar e controlar a sinistralidade laboral, en canto a que esta Comisión específica e proposta pola mutua Fremap para o Concello de Santiago se reuniría mensualmente permitindo así ao concello facer un seguimento e análise mensual periódico en conxunto coa mutua dos datos da sinistralidade e un estudo conxunto das causas e factores, e unha proposta conxunta de accións de mellora ou de control.

Ao respecto dos medios materiais ou ferramentas informáticas propostas polas tres mutuas e que se poñen a disposición do Concello de Santiago para a confección das estatísticas ou dos informes de sinistralidade as tres propostas son moi semellantes entre elas, en canto aos modelos e contidos dos informes e das estatísticas de sinistralidade.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B1 é a seguinte:

FREMAP	5 puntos
MIDAT-CYCLOPS	2 puntos
MUTUA GALLEGA	3 puntos

Ao respecto do segundo criterio (B2):

B2) Procedemento de análise e seguimento dos índices de absentismo laboral e dos custos asociados. Valorarase a proposta de confección de estatísticas mensuais, trimestrais, semestrais e anuais de absentismo laboral por servizo/posto de traballo, incluíndo os custos que supón para o Concello de Santiago, e diferenciando o absentismo derivado dos A.T. e E.P. do absentismo derivado das continxencias comúns (accidente non laboral e enfermidade común); e a proposta de accións tendentes a reducir o absentismo no Concello de Santiago. As ofertas valoraranse de 0 a 3 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle no seu procedemento de análise e seguimento dos índices de absentismo laboral e dos custos asociados a descripción dos medios materiais e persoais para este control e seguimento e as pautas propostas de actuacións a seguir pola mutua para acadar este obxectivo.

Concretamente para este obxectivo a mutua Fremap propón a creación dunha Comisión para o control de absentismo laboral tanto por accidentes laborais como do absentismo derivado das continxencias comúns. Esta comisión estaría formada por parte de Fremap por un xestor asignado, un técnico de prevención e unha traballadora social. Cada mes, a Comisión reúñese e analiza o absentismo rexistrado, entregándose pola mutua ao Concello de Santiago informes de sinistralidade e de absentismo laboral mensuais por continxencias profesionais e por continxencias comúns. Esta Comisión para o Control do Absentismo Laboral estuda e valora os informes, os datos e as estatísticas, e valora os procesos de baixa, as reincorporacións, as duracións, os custos económicos que supón para o concello o absentismo, estuda, valora e coordina as accións a levar a cabo, etc.

A mutua Fremap adxunta ademais un modelo de documento denominado Compromiso para a Integración e Mellora do Absentismo "CIMA", que tamén recolle a proposta da mutua de asignarlle ao Concello de Santiago un xestor e interlocutor único da mutua para a coordinación das actividades da mutua, e que realizaría visitas e reunións coas persoas designadas polo concello, faría a revisión de datos e informes de absentismo e sinistralidade, faría o seguimento da accidentabilidade e do absentismo, etc.

Na súa proposta de confección de informes ou estatísticas do absentismo por continxencias comúns a mutua FREMAP recolle a posibilidade de que o concello faga consultas e obteña informes que queira da mutua, estatísticas e indicadores de absentismo, en calquera momento, a través do uso dunha ferramenta informática ou aplicación da páxina web da propia mutua que se pón a disposición do concello. Todo isto, sen prexuízo dos informes elaborados pola propia mutua Fremap para o concello e para a Comisión de Control de Absentismo Laboral.

No que se refire á proposta de accións tendentes a reducir o absentismo no Concello de Santiago, a mutua FREMAP recolle o funcionamento de carácter mensual da Comisión para o Control do Absentismo Laboral. Describe tamén a asignación polo mutua dun xestor e interlocutor único, como medio de comunicación fluido da mutua Fremap co concello. Tamén describe as actuacións do servizo de Traballo Social, que visita a pacientes ingresados en centros hospitalarios, contacta e sirve de interlocutor entre o paciente e os servizos médicos, familiares e empresa, asesora en problemáticas de índole social dos traballadores para situacións de necesidade, axudas, prestacións especiais, etc.

FREMAP tamén describe o procedemento a seguir nos casos de enfermidade común e accidente non laboral, e marca como obxectivo a conseguir pola mutua dentro da liña de colaborar tanto na asistencia sanitaria pública como no seguimento e control do absentismo laboral a través das actuacións dos seus centros asistenciais e do seu persoal médico, lograr a recuperación física, psíquica, laboral e social no menor tempo posible do traballador.

FREMAP suliña a actividade da mutua na prestación da asistencia sanitaria ou médica e no exercicio dun control e seguimento pola mutua do absentismo laboral e dos traballadores en situación de baixa por enfermidade común e por accidente non laboral, apoiando e colaborando coa asistencia prestada polo servizo público de saúde, sen prexuízo de que siga recibindo asistencia médica dos organismos públicos. Deste xeito, a mutua expón que se reduce o absentismo laboral que é un dos obxectivos propostos, e que tamén se favorecen os obxectivos da recuperación do enfermo/accidentado e a reintegración do traballador o antes posible ao traballo.

A mutua Fremap tamén describe as actuacións propostas para o seguimento e control das baixas, ben de tipo presencial mediante citacións e consultas, ben de tipo telefónico dependendo do diagnóstico do doente. Tamén propón actuacións como: o rexistro polos servizos médicos da mutua de toda a información correspondente ós pacientes, controis administrativos pola mutua e información á empresa, tratamentos de rehabilitación e médicos, adianto de probas e de exploracións para o mellor diagnóstico e axilidade no tratamento, reducindo listas de espera, a intervención do traballador na rede hospitalaria propia da mutua, a formulación de propostas de alta ante a inspección médica, a promoción de expedientes de incapacidade permanente, aplicación de táboas de duración media dos procesos de baixa, e incluso a creación de protocolos específicos para o Concello de Santiago de xestión da incapacidade temporal por continxencias comúns que poidan contribuir á reducción do absentismo.

MIDAT-CYCLOPS

MIDAT-CYCLOPS recolle no seu procedemento de análise e seguimento dos índices de absentismo laboral e dos custos asociados a descripción dun medio material ou ferramenta informática para manexar e para realizar este control e seguimento así como a descripción de diversas guías orientativas e divulgativas de boas prácticas, forma de abordar e planificar a xestión do absentismo, como deseñar o seu seguemento, etc. que se poden consultar polo concello a través da páxina web da mutua.

Especifican que na mutua contan cun equipo de expertos formado neste ámbito accesible por parte das empresas.

Na súa proposta de confección de estatísticas do absentismo por continxencias comúns a mutua Midat Cyclops recolle a posibilidade de que o concello faga consultas e obteña informes, estatísticas e indicadores a través do uso dunha ferramenta informática ou aplicación da páxina web da mutua.

No que se refire á proposta de accións tendentes a reducir o absentismo no Concello de Santiago, a mutua MIDAT-CYCLOPS propón, en primeiro lugar, actuacións de carácter non médico, realizadas por teleoperadores, que en resumo contactan co traballador de baixa, e en segundo lugar, actuacións sanitarias por diplomados en enfermería, que en resumo, contactan cos traballadores que teñen impedimentos ou enfermidades xustificadas e seguen o seu proceso de acordo a protocolos segundo a patoloxía que se trate, e en terceiro lugar, actuacións de carácter médico, realizadas por médicos titulados, como por exemplo, realización de visitas médicas de control e verificación de baixas, documentación de expedientes para remitir á inspección médica ou INSS, valoracións de mal uso da situación de IT e propostas de alta ou de invalidez, adiantamento de tratamentos e probas, cando corresponda, etc.

MUTUA GALLEGA

Mutua Gallega recolle no seu procedemento de análise e seguimento dos índices de absentismo laboral e dos custos asociados a descripción dos medios materiais e persoais para este control e seguimento e as pautas propostas de actuacións a seguir para acadar este obxectivo.

Concretamente para este obxectivo a mutua Gallega propón asignar ao concello un equipo multidisciplinar constituído por un interlocutor único, un técnico de prevención e persoal sanitario.

Este equipo reunírase trimestralmente como mínimo, coas persoas que propoña o concello para realizar un plan de acción para reducir o absentismo laboral e establecer obxectivos respecto do control do absentismo laboral, en base aos informes e estatísticas mensuais de absentismo elaboradas pola mutua. Nas reunións trimestrais o equipo da mutua xunto co persoal designado polo concello se irán comprobando a consecución dos obxectivos e implementando novas accións para a reducción do absentismo.

Ademais como sistema de traballo e protocolo xeral para a xestión do absentismo, a mutua Gallega propón poñer en funcionamento os medios propios da mutua, concretamente un Médico de Familia, e o apoio en toda a rede de especialistas médicos e DUE. Con estos medios propoñen: facer un seguimento do 100% dos procesos de baixa, dende o momento da súa notificación, axilizar as probas diagnósticas, tratamentos e intervencións cirúrxicas, cando haxa listas de espera, propostas de alta médica nos casos que sexa procedente, promoción da avaliación da incapacidade permanente,

Na súa proposta de confección de estatísticas do absentismo laboral por continxencias comúns a Mutua Gallega recolle a elaboración pola mutua e a entrega de informes mensuais, coas estatísticas e gráficas, con indicadores e índices de: xornadas perdidas, índice de incidencia, duración media, índice de prevalencia, índice de absentismo, custo do absentismo, etc. Tamén se ofrece a posibilidade de obter da mutua informes de absentismo coa periodicidade que requira a empresa.

A documentación da mutua Gallega inclúe varios modelos de informes de absentismo laboral con gráficas e estatísticas de exemplo.

No que se refire á proposta de accións tendentes a reducir o absentismo no Concello de Santiago, a mutua Gallega recolle asignar ao concello un equipo multidisciplinar constituído por un interlocutor único, técnico de prevención e persoal sanitario. Este equipo reunírase trimestralmente como mínimo, coas persoas que propoña o concello para realizar un plan de acción para reducir o absentismo laboral e establecer obxectivos respecto do control do absentismo laboral.

A mutua Gallega recolle na súa documentación un modelo de plan de acción para reducir o absentismo laboral en continxencias comúns e profesionais, con exemplos de actuacións, obxectivos, etc. Como exemplo de accións e medidas para reducir o absentismo laboral recollen: charlas de sensibilización nas dependencias municipais en materia de incapacidades e continxencias comúns, reunións mensuais coas unidades de inspección médica sanitaria para comentar os procesos de incapacidade, control telefónico e contacto cos traballadores de baixa, citacións en consulta e de control sucesivo para seguimento e control sanitario, adianto de probas e tratamentos segundo o



CONCELLO DE
SANTIAGO

criterio médico, xestión de casos de posibles fraudes detectados, realización das propostas de alta médica, de incapacidade permanente, etc.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B2:

Analizadas as tres propostas presentadas, en conxunto a proposta da mutua FREMAP é máis apta e completa en canto aos medios humanos que vai adicar ao concello e en canto os procedementos que propón poñer a disposición do concello para analizar e seguir os índices de absentismo laboral e para establecer accións de reducción do absentismo. A proposta concreta da mutua Fremap inclúe a designación dun interlocutor e dunha serie de persoas con formación técnica concreta que integrarían unha comisión denominada de control e estudo do absentismo laboral. A proposta da Mutua Gallega ofrece dun xeito parecido á comisión de estudio de absentismo da mutua Fremap, a designación dun interlocutor e de persoal técnico da mutua para realizar reunións co concello, aínda que o seu funcionamento sería trimestral e non mensual como ofrece a mutua Fremap. A proposta da mutua Midat-Cyclops non ofrece concretamente este tipo de reunións convxuntas, nin ofrece a creación de ningunha comisión co concello, pero propón, ao igual que as demais mutuas, poñer a disposición o seu modelo de xestión, os seus centros sanitarios e de recuperación e todo a experiencia e coñecemento do seu persoal sanitario para acadar o mellor seguimento e xestión de todos os procesos de baixa médica e para conseguir unha reducción do absentismo. En canto á confección de informes, estatísticas e estudios de absentismo laboral, as tres propostas son parecidas entre si, pero as propostas presentadas por Fremap e Mutua Gallega son más completas e detalladas que a presentada pola mutua Midat-Cyclops.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B2 é a seguinte:

FREMAP	3 puntos
MIDAT-CYCLOPS	1 puntos
MUTUA GALLEGA	2 puntos

Ao respecto do terceiro criterio (B3):

B3) Protocolo e rede de asistencia sanitaria por accidente de traballo fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e/ou fóra de España. Valórase o protocolo de prestación desta asistencia sanitaria e a rede asistencial de servizos médicos ambulatorios e hospitalarios propios da mutua e a rede asistencial de servizos ambulatorios e hospitalarios concertados a nivel nacional e a nivel internacional, a prestación do servizo medicalizado de repatriación dende o estranxeiro, a cobertura do traslado para un acompañante, etc. As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 5 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle no seu protocolo e rede de asistencia sanitaria por A.T. fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou fóra de España a descripción dos servizos e da rede de medios materiais e persoais para prestar esta asistencia e as pautas de actuación a seguir pola mutua.

Concretamente para este obxectivo a mutua Fremap propón como un dos servizos a prestación de asistencia telefónica a través dun número de chamada gratuita para os asociados e para os traballadores para resolverles os problemas, asesorarles e ofrecerles a información e asistencia sanitaria que necesiten do xeito máis rápido.

Así mesmo, para o cofiegemento deste servizo telefónico gratuito por liña 900 que lle permite un contacto permanente as 24 horas dende calquera lugar do mundo, se dota a cada traballador dunha tarxeta.

Tamén se ofrece a teleasistencia consistente nun servizo de tipo asistencial, que apoiado no uso dun equipo telefónico instalado no domicilio de aqueles lesionados que non poidan desprazarse por causa da gravidade do seu estado ou que vivan sós e con premer un botón os mantén en comunicación en calquera situación de urxencia médica, información, etc.

Na proposta a mutua Fremap recolle as instrucións e o protocolo xeral de actuación en caso de accidente de traballo para toda España. Inclúe na súa proposta que hai previsto e establecido un procedemento específico de asistencia internacional para os traslados sanitarios e para a atención sanitaria coa cobertura dos gastos que se produzcan no caso de accidentes laborais ocorridos no estranxeiro.

A proposta da mutua Fremap inclúe o directorio cos datos de identificación, localización e contacto de todas as oficinas, os centros asistenciais e centros hospitalarios propios da mutua Fremap a nivel nacional en toda España e por comunidades autónomas e por provincias. En conxunto cos datos da documentación da mutua Fremap suman arredor de 200 centros propios da mutua Fremap repartidos por toda España.

A proposta da mutua Fremap tamén inclúe a relación de un total de 2.314 centros sanitarios cos que a mutua mantén concertos, tanto centros asistenciais como hospitalares existentes en todo o territorio de España. Se relacionan separadamente os concertados en Galicia e os concertados fóra de Galicia no resto de España. Se aporta o nome do establecemento sanitario ou do especialista médico, o enderezo, localidade, provincia, teléfono de contacto e fax.

MIDAT-CYCLOPS

MIDAT-CYCLOPS recolle na súa proposta o seu protocolo e a rede de asistencia sanitaria por A.T. fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou fóra de España, así como a descripción dos servizos e da rede de medios materiais e persoais para prestar esta asistencia e as pautas de actuación a seguir pola mutua.

Concretamente para este obxectivo a mutua Midat-Cyclops propón como un dos servizos a prestación de asistencia telefónica a través dun número de chamada de 24 horas para os asociados e para os traballadores para resolverles os problemas, asesorarles e ofrecerles a información e asistencia sanitaria que necesiten do xeito máis rápido. Con este servizo telefónico a través dunha

lliña 900 dentro de España e dende o estranxeiro a través do número +34 91 745 15 50 se permite un contacto permanente as 24 horas e 365 días ao ano dende calquera lugar do mundo.

Na proposta da mutua Midat-Cyclops tamén se ofrecen os servizos de rehabilitación que se prestan a nivel nacional en todos os seus centros asistenciais de toda España.

Na proposta a mutua Midat-Cyclops recolle as instrucións e o protocolo xeral de actuación en caso de accidente de traballo para toda España.

A mutua Midat-Cyclops inclúe na súa proposta un procedemento establecido específico para a asistencia internacional, para os traslados sanitarios e para a atención sanitaria coa cobertura dos gastos que se produzan no caso de accidentes laborais ocorridos no estranxeiro.

A proposta da mutua Midat-Cyclops inclúe un cd-rom que contén a guía de centros asistenciais e das oficinas propias da mutua a nivel nacional en toda España e o enderezo en internet (www.mcmutual.com/red) para acceder a toda a información sobre a rede de centros propios da mutua.

A proposta da mutua Midat-Cyclops especifica que dispoñen de 100 centros propios da mutua para a asistencia sanitaria dos traballadores repartidos por toda España.

Así mesmo, e de forma separada da información da rede dos centros propios, a mutua Midat-Cyclops fai constar na súa documentación a súa pertenza á Corporación Mutua e especifica que conta para o conxunto das oito mutuas con máis de 350 centros e 8 clínicas.

MUTUA GALLEGA

A Mutua Gallega recolle na súa proposta o seu protocolo e a rede de asistencia sanitaria por A.T. fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e ou fóra de España, así como a descripción dos servizos e da rede de medios materiais e persoais para prestar esta asistencia e as pautas de actuación a seguir pola mutua.

Concretamente para este obxectivo a mutua Gallega propón como un dos servizos a prestación de asistencia telefónica a través dun número de chamada de 24 horas para os asociados e para os traballadores para asesorar e ofrecer a información e asistencia sanitaria que necesiten do xeito máis rápido. Con este servizo telefónico a través de llinha 900 (900 50 60 70) se permite un contacto permanente as 24 horas e 365 días ao ano dende calquera parte de España.

Así mesmo, para o coñecemento deste servizo telefónico de asistencia por llinha 900 que lle permite un contacto permanente as 24 horas, se dotaría a cada traballador dunha tarxeta para ter a man o número sempre.

Na proposta a mutua Gallega recolle as instrucións e o protocolo xeral de actuación en caso de accidente de traballo para toda España.

A mutua Gallega inclúe na súa proposta un procedemento establecido específico para a asistencia internacional, para os traslados sanitarios e para a atención sanitaria coa cobertura dos gastos que se produzan no caso de accidentes laborais ocorridos no estranxeiro. A mutua Gallega especifica que para solicitar asistencia sanitaria dende o estranxeiro deberá chamarse a través do número de teléfono +34 91 745 15 50.

A proposta da mutua Gallega inclúe unha relación de centros asistenciais (Anexo 6 da documentación presentada) onde figurán recollidos os datos (nome, tipo de centro e servizos, enderezo, teléfono, etc) tanto dos centros que son propios da Mutua Gallega e repartidos por España como os datos de aqueles centros de asistencia que en vez de ser propios da mutua, son propios das outras oito mutuas coas cales a Mutua Gallega mantén acordos e convenios para o seu uso compartido a través da Corporación Mutua. Tamén figura o enderezo en internet (www.mutuagallega.es) para poder buscar e acceder a toda a información sobre a rede de centros propios da Mutua Gallega.

A documentación da proposta de mutua Gallega non especifica de forma directa o dato do número de centros propios para asistencia sanitaria da Mutua Gallega existentes fóra de Galicia.

Na súa proposta e documentación a mutua Gallega fai constar a súa colaboración e pertenza á Corporación Mutua que conta no seu conxunto con 221 centros ambulatorios e 10 hospitais en

España. Nesta cifra total de centros que figura na documentación da proposta de Mutua Gallega non se separan os centros propios da Mutua Gallega con respecto dos centros que comparten coas demais mutuas coas que colaboran e cooperan a través dos convenios da Corporación Mutua. A mutua Gallega salienta que estes centros daquelas outras mutuas que teñen tamén convenio a través de Corporación Mutua actúan seguindo os mesmos protocolos que se fosen centros exclusivos de Mutua Gallega.

A mutua Gallega aporta como dato a cifra total dos centros concertados (747 ambulatorios, e 82 centros hospitalarios) en España.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B3:

Analizadas as tres propostas presentadas, en conxunto a proposta da mutua FREMAP é máis completa e cuantitativamente superior en canto ao que se refire á rede propia e á dotación de centros propios da mutua que hai repartidos por toda España contando con arredor de 200 centros propios da mutua Fremap de acordo aos datos que constan na documentación presentada, o cal supón un maior número de centros propios na rede de mutua Fremap que na rede de centros propios das outras dúas mutuas (Mutua Gallega e Mutua Midat-Cyclops).

En canto aos procedementos de asistencia sanitaria no ámbito internacional para os casos de accidentes laborais que poden suceder entre os traballadores que se desprazan ao estranxeiro existen grandes similitudes de actuación e de protocolos de asistencia entre as tres mutuas.

Tamén existen similitudes entre a información e documentación presentada pola Mutua Gallega e pola Mutua Midat-Cyclops xa que ambas recollen información e datos acerca da identificación, localización e contacto de toda a súa rede de centros propios en España, e ambas dúas mutuas inclúen información e datos de identificación e localización dos centros que son propios de outras mutuas que hai repartidos por España e que tamén poderían usarse xa que mediante acordos e convenios que manteñen as mutuas entre si a través de "Corporación Mutua" teñen un uso compartido dos centros propios entre oito mutuas distintas.

Da documentación aportada constan que hai repartidos pola xeografía española arredor de 100 centros propios da Mutua Midat-Cyclops e tamén se desprende da documentación presentada que en toda España hai arredor de 35 centros propios da Mutua Gallega.

Así mesmo, as tres mutuas especifican datos e información sobre aqueles centros cos que manteñen concertos para prestar asistencia sanitaria. No tocante á rede de centros concertados polas mutuas tamén hai que destacar o número total especificado (en total 2.314) que suman os centros de atención sanitaria e asistencial, especialistas e hospitais que teñen concerto coa mutua Fremap, o que representa un número comparativamente superior ás cifras aportadas do total de número de centros concertados que se especifican na documentación da Mutua Gallega (747 centros ambulatorios concertados e 82 centros hospitalarios concertados) e tamén en global é superior ás cifras aportadas sobre o total da suma dos centros sanitarios das distintas mutuas que comparten uso e que son accesibles a través dos acordos establecidos na "Corporación Mutua" da que forman parte e que se especifican dentro da proposta da mutua Midat-Cyclops (se especifica que a través da Corporación Mutua se accede a 350 centros e 8 clínicas repartidas en toda España).

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B3 é a seguinte:

FREMAP	5 puntos
MIDAT-CYCLOPS	3 puntos
MUTUA GALLEGA	3 puntos



CONCELLO DE
SANTIAGO

Ao respecto do cuarto criterio (B4):

B4) Readaptación profesional a cargo da mutua en caso de accidentes de traballo. Cursos, servizos e prestacións dirixidas a traballadores discapacitados. Valorarase o número, a proximidade, e a calidade dos centros propios ou concertados de readaptación profesional, así como o número, variedade e especialidades dos talleres, cursos, servizos e prestacións para persoal do Concello de Santiago. As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle na documentación presentada que a mutua dispón dun Centro propio de Prevención e de Rehabilitación destinado á readaptación profesional, situado en Majadahonda (Madrid). Faise mención do premio Raíña Sofía recibido no ano 2003 pola boa labor deste centro da mutua Fremap en favor da readaptación profesional a través dos programas que desenvolven. Tamén se fai mención da longa traxectoria de cursos impartidos dende a inauguración deste centro en 1972, aportando o dato do número de traballadores participantes nos cursos de readaptación profesional durante o ano 2011, e do número total de accións formativas realizadas.

Se explican cales son os servizos de Readaptación Profesional prestados pola mutua Fremap, tanto a través do seu Centro como por parte dos equipos específicos e servizos de rehabilitación, de psicoloxía e de traballo social da mutua.

Se informa do modo de acceso aos cursos por parte dos traballadores que teñen discapacidades e con lesións graves e do proceso completo de readaptación profesional e dos obxectivos.

A documentación da mutua Fremap especifica que hai 14 áreas de formación diferentes e 35 especialidades de cursos. Se recollen os obxectivos, os contidos e a duración de cada curso.

Así mesmo, no Centro de Rehabilitación en Madrid da mutua Fremap dispoñen dunha residencia tanto para os alumnos dos cursos de readaptación profesional como para os pacientes que precisan tamén de tratamentos e servizos de rehabilitación. Este Centro conta así mesmo cos servizos propios dun hospital (enfermería, radioloxía, anestesiología, camas de hospitalización, medicina interna, laboratorio de análise clínica, farmacia, oftalmoloxía, etc).

Tamén se recolle a oferta de cursos da mutua Fremap para a formación complementaria e transversal como o acceso a formación de autoescola e formación para cultura básica (alfabetización, preparación para obtención do título de ESO, etc).

A mutua Fremap ofrece tamén o Servizo de Intermediación Laboral da mutua para alumnos dos cursos impartidos, realización de talleres de preparación para a búsqueda de emprego, unha bolsa de traballo e a orientación e asesoramento ao traballador discapacitado, a valoración das saídas e profesións más adecuadas ás capacidades, e en xeral a axuda aos traballadores por parte da mutua Fremap para atopar un emprego que se proporciona por médicos da mutua, asistentes sociais, psicólogos e técnicos de formación da mutua Fremap.

Ademais dos cursos e servizos no Centro de Rehabilitación de Majadahonda (Madrid) a mutua Fremap ofrece tratar de maneira individualizada a cada traballador do Concello de Santiago, que a consecuencia dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional teñan impedimento recoñecido polo INSS para realizar o seu traballo habitual e que non poidan desprazarse ao centro de Majadahonda. A mutua Fremap, cando se determine entre o propio paciente e a Traballadora Social da mutua Fremap que non sexa posible o desprazamento da persoa ao centro de Readaptación profesional da mutua en Majadahonda, ofrece facilitar a posibilidade de acceder a unha formación profesional na propia provincia e no lugar de orixe da persoa traballadora, trala correspondente valoración previa das circunstancias do caso por parte da Traballadora Social da mutua Fremap (valoración das preferencias de formación, das capacidades, das circunstancias persoais, familiares económicas e sociais, etc).

MIDAT-CYCLOPS

MIDAT-CYCLOPS recolle na documentación presentada que a mutua dispón dun servizo de Traballo Social. Este servizo da mutua de Traballo Social cumple coas labores de atender aos lesionados desprazados, hospitalizados, etc. e colabora en identificar e resolver problemáticas socio-sanitarias de cada caso. Ademais das anteriores funcións, o servizo de Traballo social da mutua realiza a

xestión da readaptación profesional, identificando posibles candidatos a participar en cursos e programas de formación e readaptación profesional. A documentación da proposta presentada pola mutua Midat-Cyclops non especifica cales son os programas de formación para a readaptación profesional que ten a mutua, nin o tipo e número de cursos que realiza a mutua, nin as áreas temáticas de formación ofrecidas pola mutua Midat-Cyclops, tampouco informa dos contidos dos cursos, os lugares de impartición, nin tampouco cales son os recursos propios ou concertados cos que conta a mutua Midat-Cyclops para realizar esta readaptación profesional.

MUTUA GALLEGA

Mutua Gallega recolle na documentación presentada que a mutua xestiona o servizo de readaptación profesional a través dos seus equipos de Traballadoras Sociais.

Para desenvolver cursos e actividades de readaptación profesional e de reinserción socio-laboral a Mutua Gallega colabora coas actividades e programas que desenvolven dúas asociacións na provincia da Coruña: Grumico, Grupo de Persoas con discapacidade de A Coruña e COGAMI, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade.

As traballadoras Sociais da Mutua Gallega identifican e valoran os posibles candidatos a participar nas axudas, programas e prestacións sociais e económicas especiais que concede a mutua Gallega a través da súa Comisión de Prestacións Especiais. A mutua ten entre os seus obxectivos facilitar formación básica e técnicas de búsqueda de emprego e favorecer a reinserción socio-laboral das persoas con discapacidade.

A documentación da proposta presentada pola mutua Gallega non concreta nin especifica cales son os programas de formación propios realizados pola propia mutua para a readaptación profesional, nin o tipo e número de cursos que realiza a mutua, nin as áreas temáticas da formación ofrecida pola mutua Gallega con recursos propios, tampouco informa dos contidos dos cursos, os lugares de impartición, nin tampouco cales son os recursos propios de formación que conta a mutua Gallega para realizar esta readaptación profesional.

A documentación presentada pola Mutua Gallega tampouco concreta cales son os cursos ou accións de readaptación profesional de tipo concertado que realizan mediante os recursos externos ou alleos. A documentación da Mutua Gallega non detalla áreas e temáticas formativas, denominación dos cursos, duración dos cursos, contidos e materias dos cursos, número de prazas, lugar de realización dos cursos, etc. nas cales a Mutua Gallega participa e colabora coas dúas asociacións xa citadas antes.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B4:

Analizadas as tres propostas presentadas, en conxunto, a proposta da mutua FREMAP é máis completa e detallada e cuantitativamente e cualitativamente superior ás propostas das outras dúas mutuas en canto ao que se refire á rede de recursos propios e servizos propostos e prestados pola mutua en favor da readaptación profesional dos traballadores. Mientras que a proposta da mutua Fremap é a única que detalla que conta cun centro propio e concreto para cursos de readaptación profesional e outros servizos, as outras dúas mutuas non ofrecen ningún centro propio concreto para realizar cursos de readaptación profesional. Así mesmo, mentres que a proposta da mutua Fremap si que detalla a variedade de cursos ofertados de readaptación profesional para os traballadores, a duración, os contidos, as prazas, etc, as outras dúas mutuas (Midat-Cyclops e Mutua Gallega) non inclúen ningunha información detallada sobre cursos de readaptación profesional, nin de carácter propia nin concertada. No caso da proposta da Mutua Gallega si que se fai referencia á colaboración e cooperación da mutua Gallega neste ámbito con dúas entidades ou asociacións concretas da provincia da Coruña, pero sen incluír ningunha información sobre o tipo de cursos e de actividades, a duración dos cursos, as prazas, o tipo de convenio ou concerto da mutua con estas entidades, etc.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B4 é a seguinte:

FREMAP	4 puntos
MIDAT-CYCLOPS	0,5 puntos
MUTUA GALLEGA	1 puntos

Ao respecto do quinto criterio (B5):

B5) Protocolo de actuación na entrega e reposición das caixas de urxencias e material de primeiros auxilios. Valorarase o prazo de compromiso de entrega, a adecuación, calidade e fiabilidade do procedemento de entrega, así como a posta a disposición do Concello de Santiago de calquera tipo de conexión ou sistema en tempo real que facilite a xestión neste apartado. As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle na documentación presentada que a mutua se compromete a dotar de caixas de urxencias fixas a tódalas dependencias e centros de traballo do concello de acordo co establecido na Orde TAS 2947/2007 co material de primeiros auxilios axeitado. Fremap tamén establece dotar a tódolos vehículos municipais de caixas portátiles con material de primeiros auxilios.

Fremap ofrece a reposición de tódalas necesidades e solicitudes do concello de material de primeiros auxilios e de caixas de urxencias.

A mutua Fremap fará a reposición das caixas de urxencias e do material de primeiros auxilios con entrega inmediata e no prazo máximo de 5 días hábiles dende a petición sen necesidade de desprazarse.

As formas para solicitar á mutua Fremap o material de primeiros auxilios e as caixas de urxencias, son: telefónicamente, por fax, correo electrónico ou mediante o sistema de xestión telemático de "Fremap Online". Fremap comprométese a instalar a todo o persoal autorizado polo concello o seu sistema de xestión telemática "Fremap Online", a través do cal, se poden solicitar as 24 horas do día o material de primeiros auxilios e as caixas de urxencias que sexan necesarias repoñer.

Fremap ofrece tamén centralizar ou controlar as peticións a través dun interlocutor da mutua e tamén a través do departamento de Persoal ou persoa interlocutora do concello.

Fremap ofrece tamén a posibilidade de enviar ao xestor designado por Fremap suxestións sobre o servizo prestado.

MIDAT-CYCLOPS

MIDAT-CYCLOPS recolle na documentación presentada que a mutua se compromete a dotar de caixas de urxencias a centros e/ou vehículos (tipo armario ou maleta) especificando que o material adaptarase ao especificado na normativa vixente.

A mutua Midat-Cyclops ofrece a reposición coa periodicidade que sexa necesaria e razoable

A mutua Midat-Cyclops fará a reposición das caixas de urxencias e do material de primeiros auxilios no prazo máximo de 5 días naturais dende a petición.

As formas para solicitar á mutua o material de primeiros auxilios e as caixas de urxencias non están explicitamente concretadas.

A mutua Midat-Cyclops recolle que en breve porán en marcha na zona privada da web da mutua unha ferramenta para poder solicitar o material de primeiros auxilios para facilitar a xestión.

MUTUA GALLEGA

A mutua Gallega recolle na documentación presentada que a mutua dotará de caixas de urxencias e do material de primeiros auxilios que se solicite. A mutua Gallega ofrece a reposición das necesidades e solicitudes do concello de material de primeiros auxilios e de caixas de urxencias.

A mutua Gallega fará a reposición das caixas de urxencias e do material de primeiros auxilios con prazo máximo garantido de 24/48 horas dende a petición.

As formas para solicitar á mutua Gallega o material de primeiros auxilios e as caixas de urxencias, son: telefónicamente, por fax, correo electrónico ou mediante o sistema de xestión mediante a páxina web da mutua.

A mutua Gallega describe que na páxina web hai un apartado para realizar a solicitude electrónica das caixas de urxencias e do material de primeiros auxilios de forma sinxela, e onde tras encher todos os datos da solicitude se efectúa unha confirmación de que o trámite se realizou correctamente.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B5:

Analizadas as tres propostas presentadas, a proposta da mutua FREMAP é a máis adecuada ás necesidades do concello e é superior ás outras propostas en canto a que o compromiso de subministro da mutua Fremap é explícito para tódolos centros de traballo e tamén é explícito para tódolos vehículos municipais (vehículos de patrulla de policía, vehículos de bombeiros, etc) mentres que a proposta de Mutua Midat-Cyclops non concreta o tipo de vehículos municipais para os que ofrece as caixas de urxencias e o material de primeiros auxilios e a proposta da Mutua Gallega non recolle o compromiso explícito de dotar aos vehículos municipais destes materiais.

Por outro lado, a Mutua Gallega ofrece cumplir coa entrega do pedido no menor prazo (entre 24/48 horas) seguido da Mutua Midat-Cyclops (5 días naturais) e da mutua Fremap (máx. 5 días hábiles).

En canto ás formas de entrega, a mutua Gallega e a mutua Fremap ofrecen varias vías alternativas para efectuar as solicitudes (teléfono, fax, email, e tamén a través da rede de internet) mentres que a mutua Midat-Cyclops non concreta as vías que se compromete a empregar para as solicitudes.

A proposta da mutua Fremap é a única mutua que ofrece de forma concreta a posibilidade de centralizar o control das peticións de materiais de primeiros auxilios a través dun interlocutor da mutua e que explicitamente ofrece a posibilidade de remitir suxestións á mutua sobre o servizo prestado.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B5 é a seguinte:

FREMAP	4 puntos
MIDAT-CYCLOPS	1 puntos
MUTUA GALLEGA	2 puntos

Ao respecto do sexto criterio (B6):

B6) Sistema de xestión dos servizos ofertados pola mutua adaptado ás necesidades e funcionamiento do concello e outras prestacións complementarias relacionadas co obxecto do contrato. Valoraranse outras prestacións que libremente poidan realizar as mutuas, como por exemplo, os fondos de asistencia social (prestacións especiais a favor de traballadores accidentados, das súas familias, etc). Valorarase a posibilidade de contar cun interlocutor único da mutua para a xestión co concello, a coordinación e a adaptación do sistema de traballo da mutua ao funcionamento do concello, a atención telefónica, a posibilidade de acceso, consulta e xestión dos servizos a través das redes de internet, o horario de atención e de xestión administrativa da mutua en Santiago, organización e docencia de seminarios, cursos, charlas, xornadas ou campañas informativas/formativas e de sensibilización (concretando dentro da súa oferta: a programación, os contidos, a duración en horas e modalidade, os colectivos aos que se dirixe, a periodicidade, os docentes e ponentes, etc) e outras. Aos efectos deste criterio valórarse con maior puntuación a maior contía de axudas concedidas, o maior importe das axudas e maior número de beneficiarios, para o cal a mutua deberá concretar na súa oferta os importes, número e características das axudas e beneficios sociais concedidos pola mutua dentro da comunidade autónoma de Galicia nos últimos dous anos (anos 2010 e 2011). As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle na documentación presentada os distintos aspectos da súa xestión e proposta das prestacións e servizos complementarias que a mutua desenvolve e que ofrece ao concello.

O primeiro aspecto descrito que figura na proposta da mutua Fremap é o servizo de xestión de traballo social e de asistencia social realizado pola mutua.

Se especifica na proposta o horario de xestión e atención das oficinas e centro asistencial da mutua en Santiago de Compostela.

A mutua Fremap concedeu no ano 2010 un total de 2.754 prestacións especiais en toda España, por un valor aproximado de 8,8 millóns de euros para os traballadores accidentados e as súas familias.

A mutua Fremap concedeu en toda España no ano 2011 en total 4.642 prestacións especiais cun valor de arredor de 8 millóns de euros.

En Galicia, a mutua Fremap outorgou no ano 2011 unhas 299 prestacións especiais cun valor total de 696.449,13 €.

En Galicia, a mutua Fremap no que vai de ano 2012 unhas 204 prestacións por importe de 387.288,90 €.

A documentación da proposta de Fremap presenta as seguintes características en canto ao sistema de xestión dos seus servizos e en canto ás prestacións complementarias que ofrece:

- A mutua Fremap ofrece designar a un interlocutor e xestor único para todas as tarefas relacionadas co concello e mellorar así a proximidade e a calidade do servizo prestado.
- Fremap dispón dun Sistema de Xestión da Calidade para os servizos que presta que está recoñecido/certificado por AENOR de acordo coa norma ISO 9001:2008. Tamén ten un galardón polo establecemento na mutua dun Modelo de Europeo de Excelencia Empresarial (EFQM)
- Fremap dispón dun Sistema de Xestión Ambiental, recoñecido/certificado por AENOR, en base á norma EN 14001.
- Disponen dun plan de responsabilidade social. Aportan código de conduta e documento da cultura de empresa da mutua Fremap.
- Uso das redes de Internet e ferramentas informáticas para todos os procedementos de traballo e de xestión dos servizos que presta a mutua.
- As historias clínicas dos pacientes están informatizadas pola mutua mellorando a axilidade na súa procura e consulta.
- Contan cun Servizo de Atención do Cliente e cun Defensor do Paciente, que teñen como funcións atender e resolver reclamacións.
- Ofrecemento de acceso ao sistema telemático "Fremap on line" onde mediante o uso das redes de internet as empresas mutualistas e o concello poden realizar consultas, xestións administrativas,



CONCELLO DE SANTIAGO

efectar búsquedas de datos de accidentes laborais, consultas expedientes de accidentes, información sobre sinistralidade, absentismo, acceso a información da mutua on line, etc.

Fremap inclúe na proposta servizos relacionados coa prevención de riscos laborais da mutua a cargo de cotas.

Entre outros servizos de carácter gratuito que a mutua Fremap pon a disposición, están os seguintes:

- Apoio na información de accidentes e análise de causas de Accidentes de Traballo.
- Xornadas técnicas, charlas e seminarios para a difusión de boas prácticas e a sensibilización en prevención de riscos, talleres, campañas divulgativas sobre aspectos da prevención, e de apoio e sensibilización para a mellora de xestión de prevención de riscos laborais. A mutua Fremap ofrece xornadas e seminarios para a actualización técnica permanente, tanto de mandos como de persoal técnico e traballadores profesionais do concello. Se avisan e convocan cunha periodicidade semestral. Inclúe información sobre temática e horas de duración. Se inclúen información de todas as xornadas, charlas e seminarios celebrados en 2011 e 2012 e dos programados (título/tema do seminario, lugar, datas e ponente).
- Acceso á publicacións e ao catálogo xeral da mutua, materiais didácticos da mutua a disposición para o seu uso e consulta (manuais, trípticos, dípticos, carteis, presentacións, unidades didácticas, etc). Se inclúe información dos títulos e temáticas de todas as publicacións.
- Servizo de información relacionada coa prevención de riscos laborais (novedades de normativa, documentación técnica, publicacións da mutua, etc.) e de atención a consultas en riscos laborais.
- Sistema de reducción das cotizacións: bonus. Xestión das solicitudes de reducción das cotizacións en función da evolución ou diminución de determinados indicadores relacionados coa sinistralidade laboral. Se inclúen datos do número total de propostas de reducción realizadas en Fremap e de contás de bonificacións e incentivos económicos que foron aprobados no sistema de seguridade social nos anos 2009, 2010 e 2011.

MIDAT-CYCLOPS

A mutua Midat-Cyclops recolle na documentación presentada os distintos aspectos da súa xestión e proposta das prestacións e servizos complementarias que a mutua desenvolve e que ofrece ao concello.

O primeiro aspecto descrito que figura na proposta da mutua é o servizo de fondos de asistencia e axuda social e de prestacións especiais.

A mutua Midat-Cyclops concedeu no ano 2011 en total 1.099 axudas ou prestacións especiais cun valor de arredor de 700.000 euros.

A documentación da proposta da mutua Midat-Cyclops presenta as seguintes características en canto ao sistema de xestión dos seus servizos e en canto as prestacións complementarias que ofrece:

- A mutua ofrece designar a un interlocutor e xestor único para todas as tarefas relacionadas co concello e mellorar así a axilidade, a proximidade e a calidade do servizo prestado.
- Uso das redes de Internet e de ferramentas informáticas que permiten ás empresas mutualistas o acceso e poder informarse, realizar consultas á mutua, xestións administrativas coa mutua, efectuar búsquedas de datos de accidentes laborais, consultas expedientes de accidentes, información sobre sinistralidade, absentismo, acceso a información da mutua on line, etc.
- Uso de web con zona privada, con acceso a: análise de absentismo, datos de continxencias, bases de datos sobre normativa laboral, etc.
- Envío de boletín diario con avances normativos por e-mail.
- Acceso á campañas de información/formación e de sensibilización sobre condutas seguras, prevención de riscos, hábitos saudables, cultura preventiva,....
- A mutua ofrece a posibilidade de acceder aos materiais didácticos da mutua a disposición para a seu uso e consulta (manuais, trípticos, dípticos, carteis, presentacións, unidades didácticas, materiais audiovisuais, etc). Se inclúe información dos títulos e temáticas de todas as campañas, materiais e publicacións.
- Acceso aos concursos de premios ou galardóns organizados e outorgados pola mutua sobre boas prácticas en prevención e saúde laboral.
- A mutua dispón de servizo de bibliografía e información periódica en normativa de prevención, etc.

- Oferta de charlas/seminarios e formación para actualizar coñecementos e sensibilización a través das modalidades presencial, a distancia e semipresencial. Pola web da mutua se accede á oferta.
- Se ofrece "campus MC" como ferramenta on line para información e educación en prevención.
- Servizo de información e/ou asesoramento ou atención de consultas puntuais no relacionado coa prevención de riscos laborais (xestión e cultura preventiva, seguridade, incendios, etc.).
- Plan de acción en empresas de especial sinistralidade.
- Acceso mediante a web da mutua á ferramenta informática para xestión de coordinación de actividades empresariais.
- Disponibilidade de acceso á unha ferramenta propia de valoración de riscos psicosociais, especialmente dirixido a pemes.
- Web da mutua adaptada a usuarios discapacitados.
- Plan de comunicación para informar dos cambios na xestión de continxencias.

MUTUA GALLEGA

A Mutua Gallega recolle na documentación presentada os distintos aspectos da súa xestión e proposta das prestacións e servizos complementarias que a mutua desenvolve e que ofrece ao concello.

Se especifica na proposta o horario de atención das oficinas e centros asistenciais da mutua en Santiago de Compostela.

O primeiro aspecto descrito pola Mutua Gallega que figura na proposta da mutua é o servizo de fondos de asistencia e axuda social e de prestacións especiais, que se regula pola normativa e pola comisión de prestacións especiais da mutua.


A Mutua Gallega concedeu no ano 2011 na comunidade autónoma de Galicia un total de 29 axudas ou prestacións especiais cun valor de 60.278,92 euros. No ano 2010 concederon 24 axudas cun valor total de 58.148,38 €.

A documentación da proposta da Mutua Gallega presenta as seguintes características:

- A mutua Gallega ofrece designar a un interlocutor e xestor único para todas as tarefas relacionadas co concello e mellorar así a axilidade, a proximidade e a calidade do servizo prestado. Sería designado D. Fernando Iglesias Varela, principal responsable da delegación de Santiago da mutua.
- Uso das redes de Internet e de ferramentas informáticas que permiten ás empresas mutualistas o acceso e poder informarse, realizar consultas á mutua, xestións administrativas coa mutua, efectuar búsquedas de datos de accidentes laborais, consultas expedientes de accidentes, información sobre sinistralidade, absentismo, acceso a información da mutua on line e sobre normativa, etc.
- Uso de web da mutua con zona privada con acceso a: análise de absentismo, datos de continxencias, bases de datos sobre normativa laboral, etc.
- Envío de alertas ou notificacións por e-mail das asistencias sanitarias producidas.
- Acceso a materiais de campañas interactivas on line e de accións divulgativas e educativas da mutua onde contribuíndo á cultura da prevención. Acceso a través do portal divulgativo da mutua. Se inclúe información con relación dos títulos e temáticas de todas as accións divulgativas do ano 2012 da mutua nas modalidades a distancia convencional (papel ou pdf), a distancia con CD, por internet e tamén modalidade presencial. Certíficase a participación nas accións divulgativas. Adxúntase o Plan de 2012 da Mutua Gallega para actividades divulgativas coa relación de todos os datos das accións.

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B6:

Analizadas as tres propostas presentadas, todas as propostas teñen similares características no uso de ferramentas informáticas, páxinas web e de redes de internet para prestar os seus servizos de información, xestión, consulta e trámites administrativos en xeral. Tamén coinciden todas en ofrecer a designación dun interlocutor ou coordinador específico para todos os servizos prestados ao concello. En canto á oferta de servizos complementarios as tres propostas son tamén similares no referente á oferta de acceso aos materiais de divulgación e didácticas das mutuas, participación en accións de seminarios e charlas para a sensibilización en prevención, etc. Non obstante o grao de detalle e de



CONCELLO DE
SANTIAGO

información aportado tanto pola Mutua Gallega como pola Mutua Fremap sobre seminarios e sobre accións de sensibilización e divulgación son superiores á información sobre estes servizos que recolle a documentación da mutua Midat-Cyclops.

A proposta da mutua FREMAP destaca sobre as propostas presentadas polas outras mutuas no que respecta ás prestacións especiais e fondos económicos de axudas sociais da mutua concedidas aos traballadores e familias de traballadores accidentados e/ou incapacitados, ao ter concedidas contías económicas superiores na súa suma total nos períodos anuais 2010 e 2011 con respecto das outras dúas mutuas.

A mutua Fremap tamén destaca sobre a Mutua Gallega ao presentar un maior número de beneficiarios de prestacións especiais e de axudas económicas concedidas na comunidade autónoma de Galicia. Polo tanto, a mutua Fremap presenta uns datos cuantitativamente superiores na concesión de prestacións especiais e de axudas económicas a favor dos traballadores das empresas mutualistas con respecto da Mutua Gallega. Ao respecto dos datos presentados sobre contías económicas das prestacións especiais concedidas pola mutua Midat-Cyclops, son referidos ao conxunto de toda España, non só para os traballadores na comunidade autónoma de Galicia.

Así mesmo, a proposta da mutua Fremap é a única das tres propostas que especifica ter implantado e ter certificado Sistemas de Xestión da Calidade (sistemas de xestión de acordo á norma ISO 9000 e Modelo Europeo de Excelencia de Xestión EFQM) para a prestación do seu servizo e un Sistema de Xestión Medio Ambiental implantado e certificado, polo cal a mutua Fremap é a única mutua que accredita dispor dun sistema de xestión e traballo que conta con mecanismos que permiten a mellora da calidade na xestión dos servizos prestados, e polo tanto, pode ser resultar máis adecuada para satisfacer as necesidades do concello, tanto na atención como na prestación duns servizos de calidade.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B6 é a seguinte:

FREMAP	4 puntos
MIDAT-CYCLOPS	1 puntos
MUTUA GALLEGA	2 puntos



CONCELLO DE
SANTIAGO

Ao respecto do séptimo criterio (B7):

B7) Valoración cualitativa da rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados da mutua en Santiago de Compostela. Valoraranse as especialidades e servizos que se ofertan para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras, rehabilitadoras e sociais para o persoal do Concello de Santiago, a situación e a calidade das instalacións e do servizo prestado (consultas, número de camas -só para hospitais-, locais para formación, horarios de atención, especialidades médicas, medios humanos -médicos por especialidade, ATS/DUE-, medios materiais, etc...). Aos efectos deste criterio valorarase con maior puntuación a mellor dotación de medios propios da mutua existentes en Santiago de Compostela, para o cal a mutua deberá concretar na súa oferta os datos de identificación (nome e apelidos do persoal que está dado de alta na mutua en Santiago, titulación, especialidade, experiencia profesional ou antigüidade na mutua, etc) dos seus recursos humanos existentes en Santiago de Compostela (do seu persoal médico e sanitario, psicólogos, fisioterapeutas, traballadores e asistentes sociais, etc) e os datos de identificación e características técnicas e de funcionamento das súas instalacións en Santiago de Compostela (dimensións totais do centro da mutua, metros cadrados de superficie para atención e consulta sanitaria, salas de espera, de diagnóstico, ximnasio e salas de rehabilitación, dotación de medios materiais e tecnolóxicos das instalacións, horarios de funcionamento, etc). As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 5 puntos.

FREMAP

FREMAP recolle na documentación presentada as características da rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados da mutua en Santiago de Compostela.

O primeiro aspecto que figura na proposta da mutua Fremap é o centro propio de tipo administrativo e asistencial sanitario na cidade de Santiago de Compostela. O centro de Fremap está ubicado na Rúa das Fontiñas, 43-45-47-49 e conta con 845 m² de superficie total, todos en planta baixa. Dispón de catro despachos de consultas médicas, unha sala de curas, unha sala de xesos, sala de cirurxía e sala de raios X. Tamén conta cun ximnasio para rehabilitación.

O centro propio de Fremap dispón dun aula de Formación con capacidade para 30 persoas.

Se especifica na proposta o horario para servizos de asistencia médica do centro propio da mutua Fremap en Santiago de Compostela: de luns a venres de 8h. a 20 horas (ininterrumpido).

Tamén se especifica o horario de atención e xestión administrativa das oficinas do centro da mutua Fremap en Santiago de Compostela: de luns a xoves de 8h a 15h e de 16h a 19h, e os venres de 8h a 15h.

Fremap conta no centro propio de Santiago cos seguintes servizos médicos asistenciais e coas especialidades de: urxencias, medicina xeral e e familia, ortopedia e traumatoloxía, oftalmoloxía, rehabilitación, fisioterapia e enfermería.

A mutua Fremap detalla o seu cadro de persoal médico e asistencial, de traballo social, de dirección do centro e tamén do seu persoal de dirección, e para o traballo de xestión, de asesoramento e administrativo. Especifica a antigüidade, a titulación e especialidade de cada persoa.

Tamén achegan o inventario dos medios materiais dos que dispón o seu centro en Santiago.

A mutua Fremap recolle na súa proposta que conta cun Hospital concertado en Santiago: Hospital Policlínico La Rosaleda. Na documentación se menciona que o Hospital de Nosa Señora da Esperanza en Santiago foi recentemente adquirido polo Hospital La Rosaleda e que se inclúe dentro da oferta dos centros concertados por Fremap.

Así mesmo, a mutua Fremap conta con tres centros asistenciais concertados en Santiago: dous centros distintos para o servizo de oftalmoloxía e un centro para o servizo de odontoloxía.

MIDAT-CYCLOPS

A mutua Midat-Cyclops recolle na documentación presentada as características da rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados da mutua en Santiago de Compostela.

O primeiro aspecto que figura na proposta da mutua Midat-Cyclops é o centro propio de tipo administrativo e sanitario-asistencial na cidade de Santiago de Compostela. O centro propio da mutua Midat-Cyclops está ubicado na Rúa Pintor Xaime Quesada, 6.

Se especifica na proposta o horario para servizos de asistencia médica do centro propio da mutua Midat-Cyclops en Santiago de Compostela: de luns a venres de 8h. a 14 horas, e de 16h a 18 h de luns a xoves e os venres de 8h a 14h.

Tamén se especifica o horario de atención e xestión administrativa das oficinas do centro da mutua Midat-Cyclops en Santiago de Compostela: de luns a xoves de 8h a 15h e de 16h a 18:30h, e os venres de 8h a 15h.

A Mutua Midat-Cyclops conta no seu centro propio de Santiago cos seguintes servizos: asistencia médica-sanitaria por Continxencias Profesionais (CP), rehabilitación, fisioterapia, radioloxía e supervisión médica das Incapacidades Temporais por Continxencias Comúns (ITCC).

A mutua Midat-Cyclops non detalla o seu cadro de persoal médico e asistencial coas titulacións e as especialidades de cada un. A proposta da mutua Midat-Cyclops non achega o inventario dos medios materiais dos que dispón o seu centro en Santiago.

A mutua Midat-Cyclops ao participar xunto con outras mutuas na Corporación Mutua tamén recolle na súa proposta os datos de dous centros da Mutua Gallega que tamén están en Santiago e tamén participan na Corporación Mutua: un centro de tipo asistencial na Rúa Isaac Peral, nº 9, no Polígono Industrial do Tambre e outro centro de tipo administrativo na rúa Santiago de Guayaquil, 5 - 1º.

A mutua Midat-Cyclops recolle na súa proposta que conta cun Hospital concertado en Santiago: Hospital Policlínico La Rosaleda.

Así mesmo, a mutua Midat-Cyclops conta con tres centros asistenciais concertados en Santiago: Clínica Gerosalud, Centro Oftalmolóxico Moreiras, e Clínica Lamela e Rey no servizo de odontoloxía.

MUTUA GALLEGA

A Mutua Gallega recolle na documentación presentada as características da rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados da mutua en Santiago de Compostela.

O primeiro aspecto que figura na proposta da Mutua Gallega son os seus centros propios: por unha banda, un centro asistencial propio na Rúa Isaac Peral, nº 9-B, no Polígono Industrial do Tambre e por outra banda, un centro de tipo administrativo e asistencial para o control de continxencias comúns, na rúa Santiago de Guayaquil, 5 - 1º.

Se especifica na proposta o horario de funcionamento para o centro propio da mutua Gallega no Polígono Industrial do Tambre en Santiago de Compostela: de 8 horas a 20 horas. A Mutua Gallega neste centro propio do Pol. Ind. do Tambre conta cos seguintes servizos médicos asistenciais: asistencia sanitaria de urxencias por continxencias profesionais, servizo de rehabilitación e de traumatoloxía.

A Mutua Gallega especifica que o seu centro propio na rúa de Santiago de Guayaquil conta coa autorización da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para prestar o servizo de: consulta, supervisión e control médico das Incapacidades Temporais por Continxencias Comúns (ITCC).

Tamén se especifica na proposta o horario para o centro propio da mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil: de 8h. a 15 horas.

O centro da Mutua Gallega no Polígono do Tambre conta con 321,83 m² de superficie total en planta baixa. A maiores, a planta primeira conta con 288,85 m² facendo un total de 610,68 m². Achégase a descripción das áreas e despachos do centro.

O centro da Mutua Gallega na rúa Santiago de Guayaquil conta con 499 m² de superficie.

A Mutua Gallega recolle na proposta que no seu centro do Polígono do Tambre conta con: 1 traumatólogo, 2 médicos asistenciais, 2 DUE, 2 fisioterapeutas e un auxiliar de clínica. A Mutua Gallega no seu centro da rúa de Santiago de Guayaquil conta con: 2 médicos de medicina xeral e 1 DUE.

A Mutua Gallega achega o seu cadro de persoal médico e asistencial coas titulacións sanitarias, antigüidades e as especialidades de cada un. Ademais, tamén relaciona o persoal non sanitario da Mutua Gallega.

A proposta da mutua Gallega achega unha relación do equipamento de carácter sanitario dos seus centros en Santiago de Compostela.

A Mutua Gallega especifica que ao participar xunto con outras mutuas na Corporación Mutua tamén recolle na súa proposta os datos de outro centros da Mutua Midat-Cyclops que tamén están en Santiago de Compostela e tamén participa na Corporación Mutua: un centro de tipo asistencial na Rúa Pintor Xaime Quesada, 6.

A Mutua Gallega tamén recolle na súa proposta que ten concerto cos seguintes hospitais en Santiago: Hospital Policlínico La Rosaleda e co Hospital Nuestra Señora de la Esperanza. Ao respecto da calidade da asistencia hospitalaria, a proposta da mutua Gallega recolle para os ingresos hospitalarios (na Rosaleda) a consecuencia de continxencias profesionais, o dereito a un cuarto/habitación individual con cama e comida para o acompañante. Se especifica tamén unha garantía de reserva de medios do hospital para a mutua dentro do Hospital La Rosaleda.

Así mesmo, a mutua Gallega conta con catro centros asistenciais concertados en Santiago: dous centros distintos para o servizo de oftalmoloxía, a clínica Gerosalud e un centro para o servizo de odontoloxía (Clínica Lamela y Rey).

VALORACIÓN DE PUNTOS NO CRITERIO B7:

Analizadas as tres propostas presentadas, son todas de características distintas entre elas. Non obstante, a proposta de Mutua Gallega e de Mutua Midat-Cyclops presentan similitudes en tanto a que comparten uso dos seus centros propios a través da Corporación Mutua na que participan. A mutua Fremap non comparte o seu centro propio de Santiago o cal presta servizos asistenciais exclusivamente para os traballadores asegurados e protexidos pola mutua Fremap e ademais agrupan nun só centro todos os servizos asistenciais e de rehabilitación da mutua xunto coa dirección do centro e os servizos de administración e xestión. En cambio, a Mutua Gallega dispón de dous centros separados e distintos en Santiago, por unha banda, no centro do Polígono do Tambre prestan servizos médicos de tipo asistencial e para a rehabilitación e recuperación (atención sanitaria por continxencias profesionais (CP): urxencias e tratamentos médicos e de rehabilitación e recuperación por accidentes de traballo) mentres que no outro centro propio da Mutua Gallega en Santiago, de tipo mixto administrativo-sanitario só prestan servizos de consulta e supervisión de medicina xeral relacionados cos controis médicos dos procesos de incapacidades temporais por continxencias comúns (ITCC) dos traballadores. No caso particular da rede de centros propios das oito mutuas que acordan compartir o seu uso en Santiago de Compostela a través da Corporación Mutua, podería producirse unha elevada demanda de servizos asistenciais e de rehabilitación por parte do colectivo dos traballadores asegurados en oito mutuas distintas, que podería esgotar ou superar cuantitativamente a capacidade de atención e prestación de servizos dos dous centros asistenciais existentes e compartidos en Santiago (o centro da Mutua Gallega no Polígono do Tambre e o centro da mutua Midat-Cyclops en Pontepedriña). Debido ás circunstancias de compartir o uso de dous centros asistenciais na cidade de Santiago para oito mutuas distintas, e ao non ser cada centro de uso e atención exclusiva para os traballadores dunha soa mutua, isto podería repercutir negativamente na calidade da prestación dos servizos asistenciais e na atención aos traballadores nos dous centros asistenciais existentes en Santiago.

En tanto á descripción e ao grao de detalle da información achegada sobre centros, medios propios e recursos humanos e materiais que propoñen tanto a Mutua Gallega como a Mutua Fremap son superiores á información achegada na proposta da mutua Midat-Cyclops.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este criterio B7 é a seguinte:

FREMAD	4 puntos
MIDAT-CYCLOPS	1 puntos
MUTUA GALLEGA	3,5 puntos

A puntuación total, tendo en conta as puntuacións parciais de todos e cada un dos criterios, quedaría da seguinte forma:

	PUNTUACIÓN							
	B1	B2	B3	B4	B5	B6	B7	TOTAL
MUTUA FREMAP	5	3	5	4	4	4	4	29
MIDAT-CYLOPS	2	1	3	0,5	1	1	1	9,5
MUTUA GALLEGA	3	2	3	1	2	2	3,5	16,5

O que se informa á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2012.

O XEFE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS,



Xaime Daniel Lugilde Fonseca

CONFORME,
A XEFA DO SERVIZO DE PERSOAL



M. Luisa Prego de Oliver López